SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 30 de outubro de 2026
--------o0o--------

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta minutos do día trinta de outubro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña,* co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37869.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de outubro 2026.

2.37870.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE ESTUDOS PARA O CURSO 2026-2027 (Expte.2026074654)

De conformidade co indicado no artigo 68 do V Acordo Regulador para o persoal funcionario e artigo 81 do I Convenio Colectivo para persoal laboral desta Deputación Provincial, a Xunta de Goberno, tendo en conta o informe favorable de Intervención de data 26 de outubro de 2026, acorda por unanimidade aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das axudas de estudos correspondentes ó curso académico 2026-2027, elaboradas pola Comisión Paritaria Mixta en desenvolvemento do previsto nos referidos artigos, e que comprende as seguintes:

1. Bases de axudas de estudos a funcionarios/as, con código CSV: R24UK8R4SKLDVH1A.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

2. Bases de axudas de estudos universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos, con código CSV: R7X3KK0PGC76ULRT.

3. Bases de axudas de estudos non universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos, con código CSV: RY8U3P23CGEE9L4U.

As axudas obxecto da presente convocatoria concederanse con cargo á consignación económica contemplada na aplicación orzamentaria 921.3260.481.01, e conforme á táboa de módulos que se establece en función dos estudos cursados polas persoas interesadas e os grupos de clasificación do/a titular beneficiario/a das axudas.

Ditas bases son como seguen:

1) BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE ESTUDOS A FUNCIONARIOS CURSO 2026-2027

De conformidade con disposto no V Acordo Regulador para persoal funcionario e I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación de Pontevedra, as axudas de estudo a funcionarios/as de carreira e o persoal laboral fixo para o curso 2026-2027, se rexerán polas seguintes:

BASES

1.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as das axudas de estudos os funcionarios/as de carreira e o persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Pontevedra que se encontre en servicio activo antes da finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Quedaran excluídos das resinadas axudas o persoal eventual, os funcionarios/as interinos, os bolseiros e os contratados temporais.

2.- ESTUDOS

Estas axudas, que se outorgarán para a realización de estudos en Centros ou Institucións docentes oficiais ou homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), ou pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como para estudios realizados no estranxeiro que estean homologados, clasifícanse da seguinte forma:

a) Estudos universitarios superiores, cursos de posgrao, doutorados, cursos de práctica xurídica ou másters. Tamén os estudos realizados na Universidade Nacional a Distancia (UNED).

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

b) Estudos medios e superiores de Formación Profesional, así como da Escola Oficial de Idiomas.

3.- INCOMPATIBILIDADES

3.1. INCOMPATIBILIDADES: As devanditas axudas de estudo serán incompatibles con calquera outra concedida por institucións públicas ou privadas, bolsa de estudos, fondos de libros, etc., salvo o sinalado no apartado 3.2 destas bases, incorrendo en responsabilidades legais os que faltasen á verdade na declaración que emitan a este respecto.
Cando se soliciten axudas para cursar distintos estudos, tramitarase a de maior contía.

3.2. COMPATIBILIDADES: Nos casos de exención de matrícula por expediente académico ou por violencia de xénero ou pola condición de familia numerosa ou monoparental, independentemente da contía da exención de taxas académicas, aboarase por esta Deputación Provincial o importe da axuda de estudos que corresponda segundo estas bases, previa xustificación de tal condición, xa que no primeiro caso prémiase o especial rendemento do alumno/a, e no segundo caso séguense as pautas marcadas polo MEC no outorgamento de bolsas de estudo, en canto aos beneficios que deben recoñecerse ás familias de tal categoría por mor das súas maiores cargas económicas.

Non se aboarán estas axudas de estudos nos demais casos de exencións de matrícula.

3.3. BONIFICACIÓNS: Nos casos de ser beneficiario do sistema de bonificacións dos prezos públicos financiados pola Administración da Comunidade Autónoma na que se cursan os estudos, aboarase unicamente o 50% do importe que se detalla na táboa de módulos segundo o grupo de clasificación do funcionario.

4.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS:

Por cursar estudos contemplados no apartado 2.a) aboarase ó 50% do custo da matrícula e de efectuarse en Centros ou Universidades Privadas, a mesma porcentaxe equivalente a unha carreira ou materia similar dun Centro Público en provincia da Comunidade Autónoma. Á resultante cantidade, sumarase unha axuda económica en función dos estudos cursados polos interesados e dos seus respectivos grupos de clasificación profesional.

Por cursar estudos contemplados no apartado 2.b) aboarase unha axuda económica en función do grado medio ou superior dos estudos de Formación Profesional cursados polos interesados e dos seus respectivos grupos de clasificación profesional.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Neste senso, por unha banda e en atención aos parágrafos anteriores, establécese a seguinte táboa:

ESTUDOS/GRUPOS FUNCIONARIOS/AS	A1	A2	B	C1	C2	E
Cursos Universitarios Superiores, Posgraos, Doutorados e Másters, cursos de práctica xurídica	85,50 €	95,00 €	99,75€	104,50 €	114,00 €	123,50 €
Cursos Superiores de Formación Profesional	51,30 €	57,00 €	59,85€	62,70 €	68,40 €	74,10 €
Cursos Medios de Formación Profesional cursos da Escola Oficial de Idiomas	34,20 €	38,00 €	39,90€	41,80 €	45,60 €	49,40 €
Por cada sobresaliente ou matrícula de honra nunha disciplina de estudos universitarios ou de FP medios ou superiores no curso académico 2025-2026 (incluída UNED) (cun máximo de 85,50€).						28,50 €

Nos casos de bonificación de matrícula, aboarase o 50% do importe da táboa de módulos.

E por outra banda, para a concesión destas axudas de estudo, ademais da referida táboa, teranse en conta as seguintes puntualizacións:

A. En todo caso, o importe da axuda non poderá superar os 800,00 €.

B. No caso de renuncia á axuda solicitada no seu día, deberá polo interesado/a presentarse escrito de renuncia no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial.

C. Cando se leve a cabo unha modificación da matrícula, será preciso en todo caso, presentar o correspondente certificado de matrícula onde conste o cambio realizado.

D. Cando o abono dos estudos por parte do funcionario/a ou do persoal laboral fixo estea sometido a un sistema de pagos aprazados por mensualidades ou calquera outra forma de fraccionamento, unha vez concluído o pago de tódalas cantidades diferidas, o interesado/a deberá presentar toda a documentación acreditativa do abono dos correspondentes recibos ou cotas antes do 1 de agosto de 2027. De non xustificarse esta cantidade deberá reintegrar, antes da finalización do curso académico, o importe indebidamente percibido.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

E. Cando se lles denegue unha bolsa de estudos solicitada ao Ministerio de Educación e Ciencia, deberán presentar copia da notificación da denegación, folla de matrícula onde conste a cantidade a abonar á Universidade e recibo do pago total realizado.

F. No suposto de que o funcionario/a ou persoal laboral fixo beneficiario/a destas axudas curse estudos nun Centro Privado, deberá xustificar que é un Centro homologado ou que os estudos que nel se cursan o son.

No caso de ter unha bonificación de matrícula aboarase o 50% do pagamento efectivamente realizado pola persoa funcionaria ou traballadora, sen prexuízo da cantidade que lle corresponda segundo o grupo de clasificación.

5.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes das presentes axudas de estudos poderán presentarse en modelo oficial, debidamente cumprimentado, na sede electrónica da Deputación, ata o 30 de novembro de 2026, este incluído. Xunto coas solicitudes deberán achegar, segundo o caso, a seguinte documentación en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada:

a) Estudos universitarios superiores, cursos de posgrado, doutorados, cursos de práctica xurídica, másters e estudos realizados na Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED):
   - Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención.
   - Xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.

b) Estudos medios ou superiores de Formación Profesional e da Escola Oficial de Idiomas:
   - Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención.
   - No caso de Centros de Formación Profesional Privados de carácter homologado, xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.

   En ambas categorías a) e b), as solicitudes de axuda de estudos que correspondan a casos de ampliación de matrícula ou de nova matrícula formalizada con posterioridade ao prazo sinalado nestas bases para a presentación de instancias, incluiranse no expediente de axudas do ano seguinte, condicionadas á existencia de consignación orzamentaria.

   A condición de familia numerosa e monoparental acreditarase co copia compulsada do libro de familia.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Os casos de violencia de xénero xustificaranse con copia compulsada da sentenza xudicial firme ou acreditación desta situación polos organismos, recursos e servizos autonómicos competentes.

6.- REVISIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA

Finalizado o prazo de presentación de instancias, o Servizo de RRHH e Formación comprobará as solicitudes presentadas, e requirirá, no seu caso, as persoas interesadas para que aporten a documentación esixida, se está incompleta, ou emenden o erros detectados, no prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción dese escrito, con indicación de que, de non facelo, terase por desistida da súa petición.

2. O requirimento será notificado electronicamente a través da dirección de correo indicada na solicitude.

3. O prazo máximo de resolución da concesión deste tipo de axudas será de 6 meses contados a partires da data de presentación da solicitude no rexistro xeral da Deputación, salvo as solicitudes que correspondan ao programa de pagos aprazados, que será de 12 meses.

7.- DOTACIÓN ECONÓMICA

De conformidade co establecido no V Acordo Regulador e I Convenio Colectivo, estas axudas de estudos imputaranse á aplicación orzamentaria 921.3260.481.01

Por outra banda, en aplicación do previsto no artigo 147 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, as cantidades que se aboen en concepto de axudas de estudos serán incluídas na base de cotización á seguridade social, estando excluídas as axudas destinadas á formación do persoal.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

8.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

En canto a concesión das presentes axudas de estudos é preciso sinalar que calquera dúbida que poida xurdir na interpretación das súas bases reguladoras e na súa aplicación, resolverase na Comisión Paritaria Mixta.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

2) BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS CURSO 2026-2027

De conformidade co disposto no V Acordo Regulador para persoal funcionario e no I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial de Pontevedra, as axudas de estudos universitarios para o curso 2026-2027, se rexerán polas seguintes,

BASES

1.-BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as desta axudas de estudos:

a) Os fillos/as daqueles funcionarios/as de carreira e do persoal laboral fixo desta Deputación Provincial que se encontren en servizo activo antes da finalización do prazo de entrega das solicitudes.
b) Os fillos/as das parellas de feito dos titulares do dereito incluídos no apartado a), segundo o disposto no anexo I do V Acordo Regulador e en idéntico anexo do I Convenio Colectivo.
c) Con carácter excepcional, os fillos/as dos titulares do dereito sinalados no apartado a), cando estes tivesen falecido en servizo activo, ata que finalicen os estudos.

Quedan excluídos destas axudas os fillos/as do persoal eventual, os/as dos funcionarios interinos, os bolseiros e os contratados temporais, ademais dos fillos do persoal incluído no apartado a) e b) que teñan mais de 30 anos cando finalice o prazo de entrega das solicitudes.

2.- ESTUDOS

Estas axudas, que se outorgarán para a realización de estudos en Centros ou Institucións docentes oficiais ou homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), ou pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así coma os estudos no estranxeiro de ensinanzas reguladas recollidas no RD 889/2022, clasifícanse da seguinte forma, tendo en conta os criterios establecidos na base 5.2:

A) Estudos superiores, cursos de posgrao, cursos de práctica xurídica ou másters en domicilio. Tamén os estudos realizados na Universidade Nacional a Distancia (UNED).
B) Estudos superiores, cursos de posgrao, cursos de práctica xurídica ou másters fóra do domicilio do/a funcionario/a e con residencia no domicilio do funcionario.
C) Estudos superiores, cursos de posgrao, cursos de práctica xurídica ou másters fóra do domicilio e con residencia no municipio do centro de estudos.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Os estudos universitarios no estranxeiro de profesións non reguladas, aboaranse cando se acredite que os estudos son susceptibles de obter a declaración de equivalencia.

3.-INCOMPATIBILIDADES

3.1. INCOMPATIBILIDADES: As axudas que se outorguen conforme as presentes bases serán incompatibles con calquera outra concedida por institucións públicas ou privadas, bolsas de estudo, fondos de libros, etc., salvo o sinalado no apartado 3.2 desta base, incorrendo en responsabilidades legais os solicitantes que faltasen á verdade na declaración que emitan a este respecto.

De terse solicitada unha bolsa de estudos ó MEC, non se procederá ao pagamento da axuda de estudos promovida por esta Deputación Provincial en tanto non se xustifique debidamente a concesión ou desestimación da referida bolsa polo citado Ministerio, presentando a correspondente notificación do mesmo.

Non se atenderán as solicitudes nas que conste a petición doutra bolsa de estudos, salvo que se acredite a súa denegación.

Cando se soliciten axudas para cursar distintos estudos, tramitarase a de maior contía.

3.2. COMPATIBILIDADES: Nos casos de exención de matrícula por expediente académico, violencia de xénero, condición de familia numerosa ou monoparental, independentemente da contía da exención de taxas académicas, aboarase por esta Deputación Provincial o importe da correspondente axuda de estudos segundo estas bases, previa xustificación de tal condición ou circunstancia, xa que no primeiro caso prémiase o especial rendemento do alumno/a, e no segundo suposto séguense as pautas marcadas polo MEC no outorgamento de bolsas de estudo, en canto aos beneficios que deben recoñecerse as familias de tal categoría por mor das súas maiores cargas económicas.

Non se aboarán estas axudas de estudos nos demais casos de exencións de matrícula, salvo as que deriven de sobresalientes ou matrículas de honra.

3.3. BONIFICACIÓNS: Nos casos de ser beneficiario do sistema de bonificacións dos prezos públicos financiados pola Administración da Comunidade Autónoma ou calquera institución privada na que se cursan os estudos, aboarase o 50% do importe que se detalla na táboa de módulos segundo o grupo de clasificación do funcionario.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

4.- CONTÍA

Con cargo á consignación económica contemplada na aplicación 921.3260.481.01 do orzamento provincial, as axudas de estudos previstas nas presentes bases, concederanse conforme a seguinte escala, establecida en función dos estudos cursados polas persoas interesadas e dos grupos de clasificación dos titulares do dereito a solicitar as axudas:

ESTUDOS/GRUPOS	A1	A2	B	C1	C2	E
Estudos superiores, cursos de posgrao, doutorado, práctica xurídica ou máster en domicilio do/a funcionario/a.	371,83 €	420,76 €	435,44€	450,11 €	499,04 €	533,24 €
Estudos superiores, cursos de posgrao, doutorado, práctica xurídica ou máster fóra do domicilio e con residencia no domicilio do funcionario.	418,95 €	467,40 €	482,13€	496,85 €	546,25 €	579,50 €
Estudos superiores, cursos de posgrao, doutorado, práctica xurídica ou másters fóra do domicilio do/a funcionario/a e con residencia no mesmo municipio do centro de estudos.	733,88 €	841,51 €	861,08€	880,65 €	988,29 €	1.076,35€
Por cada sobresaliente ou matrícula de honra nunha disciplina de estudos superiores no curso 2025/2026 (incluída UNED) (cun máximo de 285,00 €).						95,00 €
Ós correspondentes ao último curso de FP ou Bacharelato aplicarase a contía sinalada nas respectivas bases específicas (incluso cando neste curso o fillo/a non poda acceder á axuda de estudos da Deputación por ser beneficiario dunha bolsa).						

Nos casos de bonificación de matrícula, aboarase o 50% do importe da táboa de módulos.

Dado que resulta difícil valorar de antemán as peticións de cada un dos módulos, e por conseguinte a montaxe total das axudas a conceder, en caso de superarse o crédito global existente ou de producirse excedentes na partida, a Comisión Paritaria Mixta revisará as cantidades sinaladas na táboa de módulos para axustalas á consignación orzamentaria.

5.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

1) Tendo en conta a referida clasificación das axudas de estudos prevista na base 2, aboaranse os importes que se determinan na base 4 conforme os seguintes criterios:

a) Aplicando a totalidade do importe indicado na táboa de módulos da base 4, nos supostos de curso completo, seis ou mais materias de ensinanza de primeira matrícula, ou 50 créditos nas materias de segunda e sucesivas matrículas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

b) Aplicando o 50% do importe establecido na devandita táboa de módulos da base 4, nos supostos de menos de seis materias de ensinanzas de primeira matricula ou menos de 50 créditos nas de segunda e sucesivas matrículas, así como as prácticas curriculares.

No caso de que non se reflicta o pagamento de taxas, exención de matrícula ou materias que se cursen, deberá presentarse un certificado ou expediente académico onde se fagan constar as materias de primeira, segunda e sucesivas matrículas, así como os seus créditos.

2) Aos efectos destas bases reguladoras, considéranse:

- estudos no domicilio aqueles que se realicen en Centros situados dentro do Municipio onde se atope a residencia habitual do funcionario/a, así como os realizados na modalidade en liña.
- estudos fóra do domicilio e con residencia no mesmo municipio aqueles nos que a residencia do/a fillo/a se atope no domicilio habitual do/a funcionario e o Centro de estudos nun Municipio diferente.
- estudos fóra do domicilio, con residencia nun municipio distinto, todos aqueles nos que a residencia do/a fillo/a se atope situada fóra do domicilio habitual do funcionario/a, nun Municipio diferente ó que consta no certificado de empadroamento da persoa funcionaria ou traballadora. Cando a vivenda na que reside o/a fillo/a sexa titularidade do solicitante da axuda ou do seu cónxuxe, non terá a consideración de estudos fóra do domicilio.

A acreditación da realización de estudos fóra do domicilio, deberá realizarse, en todo caso, por algún dos seguintes documentos:

a) Certificado de empadroamento do/da estudante beneficiario/a da axuda, de coincidir co municipio onde realiza os estudos, e a do/a funcionaria/o ou traballador/a.
b) Fotocopia do documento que acredite o uso da vivenda (arrendamento en vigor, contrato ou factura expedida pola compañía subministradora de telefonía fixa, auga, gas, electricidade, etc., sempre que a titularidade da vivenda non sexa do solicitante ou do seu cónxuxe), ou declaración xurada do propietario e fotocopia do DNI.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

3) Exclúense destas bases os cursos de perfeccionamento, preparación e ingresos en academias privadas ou similares.

4) Todas as axudas contempladas nestas bases incrementaranse nun 100% no suposto de que o solicitante ou beneficiario das mesmas estea afectado por unha grave invalidez, física ou psíquica, nun grao igual ou superior ó 65% de discapacidade, e incrementaranse nun 50% se o grao de discapacidade é inferior, o que se acreditará mediante resolución xudicial ou administrativa que o recoñeza.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

5) No caso de renunciar á axuda solicitada, deberá presentarse escrito de renuncia no Rexistro desta Deputación Provincial.

6) Cando se leve a cabo unha modificación da matrícula, será preciso presentar o correspondente certificado de matrícula onde conste o cambio realizado.

7) Cando o abono dos estudos por parte do solicitante estea sometido a un programa de pagos aprazados por mensualidades ou calquera outra forma, unha vez concluído o pago de todas as cantidades diferidas, deberá presentarse toda a documentación acreditativa do abono dos correspondentes recibos antes do 1 de agosto de 2027. De non xustificarse a cantidade global, deberá reintegrase a esta Deputación Provincial o importe indebidamente percibido, antes da finalización do curso académico.

8) As persoas solicitantes ás que lle sexa denegada unha bolsa de estudos doutro Organismo, deberán presentar copia da notificación da referida denegación, folla de matrícula onde conste a cantidade a aboar á Universidade e recibo do pago total realizado.

9) No suposto de que a persoa beneficiaria da axuda promovida por esta Deputación estude nun Centro Privado, o/a funcionario/a ou traballador/a solicitante deberá xustificar que é un Centro homologado ou que os estudos que nel se cursan o son.

10) Non se admitirá a devolución da axuda concedida a petición da persoa interesada unha vez aboada e nómina.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

6.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

6.1. As solicitudes destas axudas de estudos deberán presentarse no modelo oficial, debidamente cuberto, na sede electrónica da Deputación, ata o 30 de novembro de 2026, este incluído, debendo achegar segundo o caso, a seguinte documentación en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada:

a) <u>Estudos superiores, cursos de posgrao, cursos de práctica xurídica ou másters en domicilio. Estudos realizados na Universidades Nacional de Educación a Distancia (U.N.E.D.):</u>
   - Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención e se son de primeira ou sucesivas matrículas.
   - Xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.
   - Fotocopia do DNI do fillo/a beneficiario.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

b) Estudos superiores, cursos de posgrao ou másters fóra de domicilio:

- Certificado de empadroamento da persoa estudante beneficiario/a, de coincidir co municipio onde realiza os estudos, e do/a funcionario/a ou traballador/a, ou fotocopia do documento que acredite o uso da vivenda (contrato de arrendamento en vigor, contrato ou factura expedida pola compañía subministradora de telefonía fixa, auga, electricidade, gas, etc., sempre que a titularidade da vivenda non sexa do solicitante ou do seu cónxuxe), ou declaración xurada do propietario e fotocopia do DNI.
- Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención.
- Xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.
- Fotocopia do DNI do fillo/a beneficiario.
- No caso de estudos no estranxeiro de profesións non reguladas, ademais, informe ou certificado da Administración correspondente que acredite que os estudos son susceptibles de obter a declaración de equivalencia.

c) Estudos superiores, cursos de posgrao ou másters fóra de domicilio e con residencia no mesmo municipio.

- Certificado de empadroamento da persoa estudante beneficiario/a, de coincidir co municipio onde realiza os estudos, e do/a funcionario/a ou traballador/a
- Certificado que acredite curso completo ou folla de matrícula onde consten as materias que se vaian a cursar ou a súa exención.
- Xustificante do pagamento da matrícula completa ou do primeiro pago fraccionado.
- Fotocopia do DNI do fillo/a beneficiario.

De non figurar a documentación esixida nestes apartados, será necesario presentar un certificado ou expediente académico onde se faga constar que as materias son de primeira matrícula e os seus créditos, e cales son de segunda e sucesivas matrículas.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

6.2. De non acreditarse a realización dos estudos fóra do domicilio coa documentación achegada pola persoa solicitante, concederase o importe da axuda que corresponda aos seus estudos dentro do domicilio.

6.3. As solicitudes que correspondan a casos de ampliación de matrícula ou nova matrícula, formalizadas con posterioridade ao vencemento do prazo sinalado para a presentación das instancias, incluiranse no expediente de axudas de estudos do ano seguinte, condicionadas á existencia de consignación orzamentaria.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

6.4. A condición de familia numerosa e monoparental acreditarase co copia compulsada do libro de familia.

6.5. Os casos de violencia de xénero xustificaranse con copia compulsada da sentenza xudicial firme ou acreditación desta situación polos organismos, recursos e servizos autonómicos competentes.

7.- REVISIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA

1) Finalizado o prazo de presentación de instancias, o Servizo de RRHH e Formación comprobará as solicitudes presentadas, e requirirá, no seu caso, as persoas interesadas para que aporten a documentación esixida, se está incompleta, ou emenden o erros detectados, no prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción dese escrito, con indicación de que, de non facelo, terase por desistida da súa petición.

2) O requirimento será notificado electrónicamente a través da dirección de correo indicada na solicitude.

3) O prazo máximo de resolución da concesión deste tipo de axudas será de 6 meses contados a partires da data de presentación da solicitude no rexistro xeral da Deputación, salvo as solicitudes que correspondan ao programa de pagos aprazados, que será de 12 meses.

8.- DOTACIÓN ECONÓMICA

De conformidade co establecido no V Acordo Regulador e I Convenio Colectivo, as axudas de estudos imputaranse á aplicación orzamentaria 921.3260.481.01

Por outra parte, en aplicación do previsto no artigo 147 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, as cantidades que se abonen por este concepto serán incluídas na base de cotización á seguridade social.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

9.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

En canto á interpretación das bases reguladoras da concesión destas axudas de estudos universitarios, é preciso sinalar que calquera dúbida que poida xurdir na súa aplicación, interpretación, resolverase na Comisión Paritaria Mixta.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

3) BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE ESTUDOS NON UNIVERSITARIOS CURSO 2026-2027

De conformidade co disposto no Artigo 68 do V Acordo Regulador para persoal funcionario e I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación de Pontevedra, as axudas de estudos non universitarios para o curso 2026-2027, se rexerán polas seguintes,

BASES

1.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas de estudos:

a) Os fillos/as dos funcionarios de carreira e do persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Pontevedra, que se encontren en servizo activo antes da finalización do prazo de entrega das solicitudes.
b) Os fillos/as das parellas de feito dos titulares do dereito incluídos no apartado a), segundo o disposto no anexo I do V Acordo Regulador e en idéntico anexo do I Convenio Colectivo.
c) Con carácter excepcional, os fillos/as dos titulares do dereito sinalados no apartado a), cando estes tivesen falecido en servizo activo, ata que finalicen os estudos.

Quedan excluídos destas axudas os/as fillos/as dos funcionarios de emprego, os/as dos funcionarios interinos, os bolseiros e os contratados temporais, ademais dos fillos/as do persoal incluído nos apartados a) e b) que teñan mais de 30 anos cando finalice o prazo de presentación das solicitudes.

2.- ESTUDOS.

Estas axudas, que se outorgarán para a realización de estudos en Centros ou Institucións docentes oficiais ou homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) ou pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así coma para a realización de estudos no estranxeiro que estean homologados, clasifícanse da seguinte forma:

A) Educación infantil e primaria.
B) ESO, Curso de acceso +25 años.
C) Formación Profesional, Certificados de profesionalidade, Bacharelato e Estudos de Ensinanzas Artísticas recollidas como tales no Artigo 45.2 b) e c) da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de Maio de Educación.
D) Escola Oficial de Idiomas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

3.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas que se outorguen conforme as presentes bases serán incompatibles con calquera outra concedida por institucións públicas ou privadas, bolsas de estudos, fondos de libros, etc., incorrendo en responsabilidades legais os que faltasen á verdade na declaración que emitan a este respecto.

De terse solicitada unha bolsa de estudios ó MEC, non se procederá o pagamento da axuda de estudos promovida por esta Deputación Provincial, en tanto non se xustifique debidamente a súa concesión ou desestimación da referida bolsa polo citado Ministerio, presentando a correspondente notificación do mesmo.

Non se atenderán as solicitudes nas que conste a petición doutra bolsa de estudos, salvo que se acredite a súa denegación.

Cando se soliciten axudas para cursar distintos estudos, tramitarase a de maior contía.

4.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

1) De acordo coa clasificación destas axudas de estudos prevista na base 2, aboaranse os importes establecidos na táboa de módulos da base 5.

2) As axudas para colexios e escolas infantís concederanse por fillos/as inscritos nalgúns destes centros, cando así o xustifiquen mediante a correspondente matrícula.

3) Exclúense destas bases os cursos de perfeccionamento, preparación e ingreso en academias privadas ou similares.

4)Todas as axudas reflexadas nestas bases incrementaranse nun 100% no suposto de que o solicitante ou beneficiario das mesmas estea afectado por unha grave invalidez, física ou psíquica, nun grao igual ou superior ó 65% de discapacidade, e incrementaranse nun 50% se o grao de discapacidade é inferior, o que se acreditará mediante resolución xudicial ou administrativa que así o recoñeza.

5) No caso de renunciar á axuda solicitada deberá presentarse polo interesado/a escrito de renuncia no Rexistro Xeral Desta Deputación Provincial.

6) No suposto de que o beneficiario/a da axuda estude nun Centro Privado, o funcionario/a ou traballador/a solicitante da axuda deberá xustificar que o Centro e os estudos son homologados.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

5.- CONTÍA

Con cargo á consignación económica prevista na aplicación 921.3260.481.01 do orzamento provincial, as axudas de estudos non universitarios concederanse conforme a seguinte escala, en función dos estudos cursados polos interesados e en función dos grupos de clasificación profesional dos titulares do dereito a solicitar tales axudas:

ESTUDOS/GRUPOS	A1	A2	B	C1	C2	E
Educación infantil (de 0 a 5 anos) e primaria	107,64 €	117,42 €	122,32€	127,21 €	141,88 €	176,13 €
ESO, curso de acceso +25 anos	215,27 €	254,41 €	273,98€	293,55 €	327,80 €	352,26 €
FP, Certificados de profesionalidade, Bacharelato e Ensinanzas Artísticas (*)	219,45 €	259,35 €	279,30€	299,25 €	334,16 €	359,10 €
Curso da Escola Oficial de Idiomas	107,64 €	117,42 €	122,32€	127,21 €	141,88 €	176,13 €

(*) Ensinanzas artísticas contempladas no artigo 45.2.b) e c) da LO 2/2006 de 3 de maio de Educación.

Por cada sobresaliente ou matrícula de honra nunha disciplina de estudos de FP e Bacharelato (cun máximo de 142,50 €).	28,50 €

Dado que resulta difícil valorar de antemán as peticións de cada un dos módulos, e por conseguinte a montaxe total das axudas a conceder, en caso de superarse o crédito global existente ou de producirse excedentes na partida, a Comisión Paritaria Mixta revisará as cantidades sinaladas na táboa de módulos para axustalas á consignación orzamentaria.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

6.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes destas axudas de estudos non universitarios deberán presentarse no modelo oficial, debidamente cuberto, na sede electrónica da Deputación, ata o 30 de novembro de 2026, este incluído, debendo achegar o xustificante de estar matriculado no curso 2025-2026 en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

En calquera caso, as solicitudes presentadas fóra de prazo serán desestimadas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

7.- REVISIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA

1) Finalizado o prazo de presentación de instancias, o Servizo de RRHH e Formación comprobará as solicitudes presentadas, e requirirá, no seu caso, as persoas interesadas para que aporten a documentación esixida, se está incompleta, ou emenden o erros detectados, no prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción dese escrito, con indicación de que, de non facelo, terase por desistida da súa petición.

2) O requirimento será notificado electronicamente a través da dirección de correo indicada na solicitude.

3) O prazo máximo de resolución da concesión deste tipo de axudas será de 6 meses contados a partires da data de presentación da solicitude no rexistro xeral da Deputación, salvo as solicitudes que correspondan ao programa de pagos aprazados, que será de 12 meses.

8.- DOTACIÓN ECONÓMICA

De conformidade co establecido no V Acordo Regulador e I Convenio Colectivo, as axudas de estudos resinadas imputaranse á aplicación orzamentaria 921.3260.481.01

Por outra banda, en aplicación do previsto no artigo 147 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, as cantidades que se aboen por este concepto serán incluídas na base de cotización á Seguridade Social.

9.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

En canto ás presentes bases reguladoras da concesión destas axudas de estudos non universitarios, é preciso sinalar, que calquera dúbida que poida xurdir na súa aplicación, interpretación resolveranse na Comisión Paritaria Mixta.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

3.37871.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2027. (Expte. 2026059980)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, quere impulsar en colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, proxectos, programas e actividades para a consecución da igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero na provincia. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión das axudas que van dirixidas a estes concellos que deberán cumprir os requisitos e condicións establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Resultando que con data do 13 de outubro de 2026 a Secretaría Xeral, con CSV 0VC3OXZEPXUFR64O, emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2027.

Resultando que con data do 21 de outubro de 2026 Intervención emite informe favorable á tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, co CSV OK1908SQZ217LAI3, indicando que o importe desta convocatoria, que ascende a 260.000 €, se afrontará con cargo á aplicación 27/250.2315.462.01, quedando condicionada a aprobación destas bases á aprobación definitiva do orzamento do ano 2027 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, ao tratarse dunha tramitación anticipada.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2027, quedando esta aprobación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento deste organismo provincial para o ano 2027.

Estas bases figuran no expediente co CSV-W6N4UM6VVMXNYBBJ, co seguinte teor literal:

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2027

Nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, recóllese a igualdade como dereito. En ambas as normas establécese que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito do Estado español, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

Adicionalmente, no artigo 36.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécense como competencias propias das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, co fin de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

Con estes antecedentes, e segundo o obxectivo 5 de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, conseguir a igualdade real e efectiva entre as mulleres e os homes en todos os ámbitos da vida social, política e económica e loitar contra a violencia de xénero constitúen unha das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra, impulsadas a través do Servizo de Igualdade.

Para levar a cabo esta liña de acción, a institución provincial considera que é necesaria a colaboración estreita cos concellos, por ser o nivel máis próximo á cidadanía e polo coñecemento que estes teñen da súa poboación, co fin de promover e realizar actuacións para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 25.2.o da LRBRL, tras a súa nova redacción dada pola disposición final primeira do Real decreto lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, é competencia do concello desenvolver actuacións para promover a igualdade entre homes e mulleres e contra a violencia de xénero.

Así, a Deputación convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para acadar a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista durante o ano 2027.

Estas subvencións rexeranse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

BASES

Primeira. Obxecto:
Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para acadar a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista durante o ano 2027.

Segunda. Financiamento:
A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 27/250.2315.462.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2027, ascende a douscentos sesenta mil euros (260.000 €), que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria mentres non se amplíe o crédito da aplicación.

Terceira. Entidades destinatarias:
Poderán concorrer a esta convocatoria os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, de acordo cos datos de poboación publicados polo Instituto Nacional de Estatística na revisión do padrón municipal do 1 de xaneiro de 2027.

Para poder acceder ás subvencións, as entidades deberán cumprir as condicións e os requisitos establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións e estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para recibir axudas ou subvencións públicas nin en ningún dos casos de prohibición para a percepción de subvencións recollidos na lei.

Cuarta. Actuacións subvencionables:
Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao financiamento dalgún dos seguintes proxectos, programas e actividades:

- *Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia machista.*
- *Proxectos e iniciativas xurdidas dos acordos das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.*
- *Proxectos para mellorar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero, ás súas fillas e fillos e ás persoas dependentes ao seu cargo.*
- *Programas e actuacións destinados a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades.*
- *Proxectos para mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres.*
- *Accións e actividades centradas na elaboración do Plan municipal de igualdade, así como as orientadas á súa difusión e avaliación.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- *Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e profesional.*
- *Accións e actividades de prevención e sensibilización no eido educativo dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias co fin de dotalos de estratexias educativas para fomentar a igualdade de trato e de oportunidades.*
- *Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade de xénero.*
- *Contratación de persoal empregado público especialista en materia de igualdade (axentes de igualdade, persoas promotoras da igualdade de xénero, técnicas e técnicos de igualdade) que realice tarefas relacionadas coa promoción da igualdade de mulleres e homes no ano 2027 a través de proxectos específicos. Financiaranse os gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal técnico municipal que desenvolva o proxecto.*

As accións deberán realizarse durante o ano 2027 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano.
Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza do proxecto subvencionado.

Con carácter xeral, o gasto considerarase realizado cando o órgano competente da entidade local contabilice o recoñecemento da obriga. As entidades locais beneficiarias deberán acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar a contía de seis mil euros (6.000 €).

Quinta. Gastos non subvencionables:
Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

- *Proxectos, programas ou actividades que non teñan como obxectivo principal fomentar e conseguir a igualdade de xénero e loitar contra a violencia machista ou que contraveñan o interese público que persegue a Deputación.*
- *Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro), salvo aqueles directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto que se vai financiar a través desta liña de subvencións.*
- *Gastos referidos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas, e a servizos de restauración e cátering que non se correspondan co obxectivo do programa.*
- *Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- *Gastos relativos á adquisición de equipamento ou material inventariable (equipamentos informáticos, mobiliario e outros).*

Sexta. Compatibilidade das subvencións:
As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración, sempre que o conxunto das axudas recibidas non supere o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións subvencionadas nesta convocatoria non poderán obter outra subvención nin serán compatibles con outras concedidas por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio de 2027.

Sétima. Lugar de presentación das solicitudes:
As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).
Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

Oitava. Prazo de presentación das solicitudes:
O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Documentación:
Os concellos interesados deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Certificación da Secretaría do concello, segundo o modelo normalizado (anexo II), na que se faga constar o acordo ou resolución do órgano competente polo que se aproba a solicitude de subvención e se asume o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade, así como a existencia ou inexistencia dun plan municipal de igualdade aprobado e en vigor ou, no seu caso, dunha mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, constituída e operativa.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- *Proxecto explicativo e orzamento detallado das actuacións para as que se solicita a subvención asinados pola persoa representante do concello.*
- *De ser o caso, para xustificar esta colaboración, deberá achegarse a certificación ou o documento probatorio da entidade ou institución coa que se traballe en rede.*

Décima. Notificacións:
As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde https://sede.depo.gal ou directamente desde https://dehu.redsara.es.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas:

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, de non o facer, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos.

Décimo segunda. Instrución do procedemento e Comisión de Valoración:
A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales deberá formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A xefa de servizo poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e se explicarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no seu caso, o motivo da exclusión.

Para calcular a contía da subvención empregarase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Tamén se incluirá o informe sobre o algoritmo de cálculo empregado.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe proposta, fiscalizado por Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle proporá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.
A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade.*
- *Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade e persoal técnico funcionario (unha persoa do mesmo servizo e outra do de Intervención).*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade, que actuará sen voto.*

Décimo terceira. Valoración e criterios de concesión:
A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrencia competitiva. Cada proxecto poderase valorar cun máximo de 100 puntos, de acordo cos seguintes criterios e coas valoracións correspondentes:

1. *Calidade e contido técnico da proposta, ata un máximo de 40 puntos:*
   a) *Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 20 puntos.*
   b) *Metodoloxía que se vai empregar na realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos.*
   c) *Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.*
   d) *Utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos.*

2. *Incidencia social do proxecto, do programa ou da actividade, ata un máximo de 35 puntos:*
   a) *Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 7 puntos:*
      - *Menos de 50 persoas: 1 punto*
      - *Entre 50 e 150 persoas: 3 puntos*
      - *Entre 151 e 250 persoas: 5 puntos*
      - *Máis de 250 persoas: 7 puntos*
   b) *Poboación total do municipio, segundo as cifras oficiais recollidas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), ata un máximo de 8 puntos:*
      - *Ata 5.000 habitantes: 2 puntos*
      - *De 5.001 a 10.000 habitantes: 4 puntos*
      - *De 10.001 a 15.000 habitantes: 6 puntos*
      - *De 15.001 a 20.000 habitantes: 8 puntos*
   c) *Grao de clasificación dos concellos segundo o seu grao e subgrao de urbanización (GU 2016), ata un máximo de 5 puntos:*
      - *Zonas pouco poboadas (ZPP): 2 puntos e, ademais:*
        ZPP baixa: 3 puntos
        ZPP intermedia: 2 puntos
        ZPP alta: 1 punto
      - *Zonas intermedias poboadas (ZIP): 1 punto e, ademais:*
        ZIP baixa: 0,5 puntos
        ZIP intermedia: 0,25 puntos

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

d) Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade ou institución, ata un máximo de 10 puntos.

e) Temporalización das actividades que se van realizar, ata un máximo de 5 puntos:

- *Menos de 3 meses: 1 punto*
- *De 3 a 6 meses: 3 puntos*
- *Máis de 6 meses: 5 puntos*

3. Recursos, capacidade de xestión e compromiso do concello coa igualdade, ata un máximo de 25 puntos:

a) Esforzo económico do concello solicitante no autofinanciamento do proxecto con recursos xerais propios, que exclúa calquera subvención, axuda ou achega das persoas usuarias ou participantes, ata un máximo de 10 puntos:

- *Ata un 10 %: 1 punto*
- *Maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos*
- *Maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos*
- *Maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos*
- *Maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos*
- *Maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos*
- *Maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos*
- *Maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos*
- *Maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos*
- *Maior do 90 %: 10 puntos*

b) Porcentaxe do crédito inicial do orzamento municipal total vixente dedicado á igualdade e á loita contra a violencia machista, ata un máximo de 5 puntos:

- *Menos do 0,5 %: 1 punto*
- *Do 0,5 % ao 1 %: 3 puntos*
- *Máis do 1 %: 5 puntos*

c) Ter un plan municipal de igualdade aprobado e en vigor, 5 puntos.

d) Ter unha mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero constituída e operativa, 5 puntos.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Décimo cuarta. Resolución

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas, segundo o previsto nos artigos 40 e seguintes da LPACAP e nestas bases.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo quinta. Modificación da resolución:
Segundo se establece no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), unha vez notificada a resolución de concesión, logo dunha solicitude razoada e sempre que se manteña a finalidade da subvención, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido, que se poderá autorizar sempre e cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta da Comisión de Valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado).*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude.*

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen e, en todo caso, antes de finalizar o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.
Este cambio deberá realizarse durante o ano 2027, segundo se recolle no artigo 64.2 do RLXS.

Décimo sexta. Xustificación:
Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias terán de prazo para xustificalas ata o 29 de febreiro de 2028, este incluído.

1. *De producírense circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, os programas ou as actividades, poderán solicitar unha prórroga antes de que remate o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP). O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do RLXS).*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

2. *Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. A desviación entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial non debe superar o 20 %.*
3. *Para cobrar a axuda concedida os concellos deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
4. *Os proxectos, os programas ou as actividades que se realicen deberán axustarse aos presentados inicialmente. En caso de que non se cumpran os criterios avaliados na solicitude achegada, a Deputación de Pontevedra poderá reducir o importe da subvención na parte proporcional.*

Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo primeira:

a. *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. Indicaranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total, acompañadas do acordo ou da resolución do órgano competente do concello mediante o cal se aproban as devanditas facturas ou ben unha certificación de Secretaría ou de Intervención (ou do persoal competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, e que os xustificantes correspondentes quedarán á disposición da Deputación para o seu exame, de considerarse oportuno.*
b. *Conta xustificativa (anexo I) dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, con detalle das facturas ou dos documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da institución provincial para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*
c. *Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos.*
d. *Acreditación da divulgación do financiamento da actividade subvencionada por parte do organismo provincial, para o que será necesaria a declaración responsable da persoa representante, acompañada, no seu caso, de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado nesta base ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.
En caso de que a xustificación estivese incompleta ou defectuosa, requiriráselle á entidade beneficiaria que corrixa os erros ou defectos observados ou que achegue os documentos solicitados nun prazo de dez (10) días.
A falta de presentación da documentación en prazo supoñerá a perda da subvención, o inicio do expediente de perda de dereito ao cobro, a esixencia do reintegro e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo sétima. Pagamento da subvención:
Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *De xustificarse o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda.*
- *De xustificarse un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo concello na solicitude.
As entidades beneficiarias aboarán os gastos que figuren na conta xustificativa, preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero en todo caso no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Décimo oitava. Obrigas das entidades subvencionadas
As entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

a. *Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que se concedeu e executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención.*
b. *Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, e achegar canta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
c. *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
d. *Facer constar, expresamente e de xeito visible, en calquera dos medios que se empreguen para difundir o proxecto ou as actividades, que estas se realizaron co financiamento da Deputación, para o cal se incorporará o logotipo institucional. As normas de imaxe corporativa pódense consultar en comunicacion@depo.gal.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

e. *Comunicarlle á institución provincial calquera modificación das condicións que se tivesen en conta para conceder a subvención, ademais de facilitarlle canta información se lles requira relacionada coas actividades e cos programas subvencionados.*

Décimo novena. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención:
As axudas concedidas deberán devolverse o reintegrarse ou perderase o dereito a cobralas nos seguintes casos:

1. *Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
2. *Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
3. *Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésima. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria:
Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases; serán de aplicación supletoria as normas da LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2027.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidades administrativas e quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Vixésimo primeira. Publicidade da convocatoria:
Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en https://sede.depo.gal.
Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo segunda. Protección de datos:
Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.
A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos.

Vixésimo terceira. Confidencialidade dos proxectos
Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, o servizo instrutor non divulgará os proxectos presentados polas persoas interesadas que estas designasen como confidenciais no momento de presentar a súa solicitude, co obxectivo de preservar aspectos confidenciais dos proxectos ou calquera outra información cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento ou noutros posteriores."

4.37872.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE INTEGRACIÓN URBANA DA PONTE DE SANTIAGO E CONTORNA E CONEXIÓN COA RÚA SERRA (Expte. 2026066364)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo as obras de integración urbana da Ponte de Santiago e contorna e conexión coa rúa Serra.

- Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, na data 03/09/2026, mediante número de rexistro WEB2026069031, o Concello de Pontevedra remite á Deputación a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.

- Segundo o proxecto de execución da devandita actuación, a estimación económica do investimento ascende á cantidade de OITOCENTOS NOVENTA E SEIS MIL NOVECENTOS VINTE E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (896.929,57€) IVE engadido, e proponse que sexa financiada integramente pola Deputación, na anualidade 2026, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 06/09/2026 (CSV: FD2UDE0PZU3S67N8); o informe de supervisión do proxecto emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación de 05/10/2026 (CSV: ULCX00VM6IJXE38C); o informe do xefe do Servizo de Cooperación de 05/10/2026 (CSV: 4ZXO62G60CWKLA3Y) e o informe de Intervención de 08/10/2026 de fiscalización favorable do expediente (CSV: 5J1OMU6T9IQSB6XU), quedando de manifesto a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto na aplicación 2026/942.9420.762.14 do orzamento provincial.

- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 23/10/2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2. a), d) e g) da LRBRL, atribúe aos municipios o exercicio de competencias en materia de urbanismo, infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade e mobilidade.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º disponse que, a través dos convenios de cooperación, as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

- Artigos 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2026, dotación orzamentaria na aplicación 2026/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ao concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

Competencia para resolver

Correspóndelle á Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de execución do orzamento provincial.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, a súa veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo as obras de integración urbana da Ponte de Santiago e contorna e conexión coa rúa Serra.

Neste senso, os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE INTEGRACIÓN URBANA DA PONTE DE SANTIAGO E CONTORNA E CONEXIÓN COA RÚA SERRA.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

– APROBAR o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE INTEGRACIÓN URBANA DA PONTE DE SANTIAGO E CONTORNA E CONEXIÓN COA RÚA SERRA, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE INTEGRACIÓN URBANA DA PONTE DE SANTIAGO E CONTORNA E CONEXIÓN COA RÚA SERRA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luís López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona María Beatriz del Cerro del Río, en calidade de secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

EXPOÑEN

I. *Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.*

II. *Que a tales efectos, a Deputación e o concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras de carácter diverso.*

III.*Que ambas administracións locais, en virtude dos principios de colaboración e cooperación recollidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, teñen como obxectivo común prestar os servizos públicos e cooperar na planificación e execución de proxectos sobre infraestruturas que melloren os servizos á cidadanía.*

Consonte aos amentados principios de colaboración e cooperación, ambas institucións apoian a transformación urbana que permita acadar estándares de calidade de vida e mellora do hábitat das persoas, instaurando boas prácticas en materia de accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

IV. O propósito deste acto é establecer unha cooperación destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na integración urbana da Ponte de Santiago e contorna e conexión coa rúa Serra. Os obxectivos desta actuación enmárcanse en continuar coa implementación do modelo urbano de Pontevedra, que ten como finalidade mellorar a calidade urbana, gañar accesibilidade, conseguir un maior equilibrio ambiental, mellorar o dinamismo humano e económico e promover a cohesión social e a igualdade. Neste contexto, quérese seguir coa estratexia de desenvolvemento urbano sostible, de promoción da vida urbana e facilitar os desprazamentos a pe nunha zona cun importante fluxo de peóns ás zonas deportivas e educativas situadas na marxe dereita do río Lérez, coa intención de mellorar e ampliar as condicións de accesibilidade na contorna da ponte de Santiago e a rúa Serra.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

V. Que o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade, o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. A estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións a fondo perdido.

VI. Que o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, en termos concordantes, o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo, en todo caso, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, competencia en materia de infraestrutura viaria e equipamentos de titularidade municipal, en materia de urbanismo, e en materia de mobilidade.

VII. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP); o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA); así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). O presente convenio, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

VIII. Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás Deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

IX. Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da LXS, séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese veciñal da actuación. Así mesmo, no artigo 28.1 da LXS establécese que a

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

X. Este convenio tramítase consonte co disposto no artigo 294 LALGA e conforme coa normativa reguladora das subvencións públicas, polo que o convenio non ten carácter contractual, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público segundo determina o artigo 4 desta norma.

XI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2026, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

XII. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para levar a cabo as obras de integración urbana da Ponte de Santiago e contorna e conexión coa rúa Serra, cos obxectivos compartidos de mellorar a calidade urbana, gañar accesibilidade, conseguir un maior equilibrio ambiental, mellorar o dinamismo humano e económico e promover a cohesión social e a igualdade, baixo a premisa de seguir coa estratexia de desenvolvemento urbano sostible, de promoción da vida urbana e facilitar os desprazamentos a pe nunha zona cun importante fluxo de peóns ás zonas deportivas e educativas situadas na marxe dereita do río Lérez, coa intención de mellorar e ampliar as condicións de accesibilidade na contorna da ponte de Santiago e a rúa Serra.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

SEGUNDA.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de OITOCENTOS NOVENTA E SEIS MIL NOVECENTOS VINTE E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (896.929,57€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da actuación obxecto da colaboración pactada, que será financiado integramente pola Deputación de Pontevedra na anualidade 2026, contra a aplicación 2026/942.9420.762.14.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2026
Deputación de Pontevedra (100 %)	*896.929,57 €*

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras desta actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada no proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e contratos ás que se refire o presente convenio, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos de vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución do contrato poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade do devandito contrato e da resolución que se dite.

2.- As obras serán executadas segundo o proxecto técnico, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes e formule as observacións que estime pertinentes e de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

3.- O Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos de relevancia institucional ou mediática sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial, en concreto, O

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Concello deberá comunicarlle á Deputación os actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización do investimento financiado ao abeiro deste convenio. Para estes efectos:

- *O Concello comunicaralle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora na que terá lugar a comprobación da implantación, á que asistirá, de considerarse procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa da institución provincial. Así mesmo, a entidade municipal remitiralle á Deputación un exemplar da acta de comprobación da implantación xunto coa fotografía dos carteis de obra que acrediten a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación. Os carteis de obra serán colocados no momento da sinatura da devandita acta, axustándose ao disposto no manual de identidade corporativa (https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa).*
- *Os facultativos técnicos do Servizo de Cooperación poderán visitar as actuacións en execución. Para isto, e para os efectos de organizar a visita, o Concello comunicaranlle ao citado servizo coa suficiente antelación, polo menos de catro días, cando se acade o 50 % e o 100 % de execución do contrato.*
- *O Concello comunicaralle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa desta. A Administración municipal remitiralle á provincial un exemplar da acta de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.*
- *De ser o caso, o Concello comunicaralle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que se celebre calquera acto público de relevancia institucional ou mediática con motivo do seguimento, difusión, posta en valor ou inauguración da actuación referida, aos que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación provincial.*

4.- O incumprimento do deber de colocar os carteis de obra ou calquera outra obriga relacionada coa difusión pública e/ou de efectuar as comunicacións relacionadas nos apartados precedentes implicará a imposición de deducións graduadas do modo seguinte:

- *O primeiro requirimento implicará unha advertencia.*
- *O segundo requirimento implicará unha dedución do 5 % da subvención concedida co obxecto de financiar o investimento.*
- *O terceiro requirimento supoñerá unha dedución do 10 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se lle sumará á dedución anterior.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- *O cuarto requirimento implicará unha dedución do 15 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se acumulará ás anteriores.*
- *O quinto e sucesivos requirimentos implicarán deducións do 20 % da subvención concedida para financiar o investimento, que se sumarán ás anteriores, e que poderá dar lugar, de ser o caso, á perda total do dereito ao cobro da subvención concedida.*

CUARTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- *Remitir á Deputación Provincial a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto de obra, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación, así como calquera modificación que se leve a cabo, para a súa posterior supervisión polos técnicos provinciais.*
- *Remitir, unha vez formalizado, copia do contrato de adxudicación da obra, á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación de implantación, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Deputación.*
- *Licitar, dirixir, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico redactado polo ente provincial.*
- *Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.*
- *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas e, no seu caso, cumprir os requisitos e condicionantes das mesmas.*
- *Xustificar ante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.*
- *Comunicar á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora nas que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa desta.*
- *Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo que asumir dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.*
- *Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- *Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme a cláusula oitava do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- *Compartir coa Deputación de Pontevedra toda a información da que dispoña sobre o avance da obra e sempre antes de facela pública.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

Asemade, o Concello de Pontevedra comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación obrígase a:

- *Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización do proxecto para o que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- *Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.*
- *O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.*
- *Certificacións de obra executada.*

Xunto coa primeira certificación achegarase a seguinte documentación:

- *O acordo ou resolución de aprobación do proxecto do investimento.*
- *O contrato de adxudicación da obra.*
- *O nomeamento do/a Director/a de obra e coordinador/a de seguridade e saúde.*
- *Unha copia da acta de comprobación de implantación.*
- *Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.*
- *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Xunto coa última certificación ordinaria achegaranse:

- *Informe final do/a Director/a de obra.*
- *Se o informe fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medición (liquidacións), este informe acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.*
- *De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.*
- *Acta de recepción.*
- *Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.*
- *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
- *Declaración responsable de non estar o beneficiario incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiario desta axuda.*
- *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo máximo de tres meses dende o fin da actuación subvencionada. O prazo máximo para presentar a xustificación do investimento será o 31 de marzo de 2028.

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS
Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

OITAVA.- PUBLICIDADE
En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluirase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- *Dende o inicio das obras ata a súa total terminación, deberán colocarse os carteis de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Pontevedra e o da Deputación Provincial de Pontevedra, que se axustarán ao disposto no manual de identidade corporativa (https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa).*
- *Facerse cargo, económica e fisicamente, dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, os carteis colocaranse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situaranse ao comezo da vía ou no seu*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

entroncamento coa vía principal. En todo caso, sen prexuízo do anterior, deberán colocarse nun lugar suficientemente visible.

- *Aprobar conxuntamente coa Deputación de Pontevedra o contido de calquera outro cartel ou elemento informativo que conteña a imaxe corporativa ou institucional, independentemente do seu tamaño ou situación. A presenza de carteis ou sinais situados no ámbito da obra que conteñan imaxes ou logotipos institucionais deberá ser equitativa ao 50%, independentemente do seu tamaño ou lugar de colocación.*
- *Aplicar un criterio proporcional e equivalente á colaboración das entidades participantes en calquera placa ou elemento que se coloque para informar da execución da obra unha vez concluída esta.*
- *Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados sempre que se refiran a esta actuación, en calquera comparecencia pública, rolda de prensa ou intervención nos medios de comunicación, indicando sempre cal é o importe que achega cada institución e que porcentaxe representan os devanditos importes. Do mesmo xeito, esta información deberá recollerse en todos os comunicados ou notas de prensa que emita o Concello e na respectiva páxina web oficial da do Concello de Pontevedra. A devandita información debe facerse pública de xeito verbal, por escrito ou por medios audiovisuais se fose o caso.*
- *Asinar de xeito dixital este convenio e, ademais, deberá acompañarse dun acto público de sinatura presencial con convocatoria aos medios de comunicación, garantindo así a necesaria publicidade do acordo. Esta firma presencial correrá a cargo dos máximos dirixentes de ambas institucións -alcalde e presidente provincial-, que estarán acompañados dunha persoa representante do Concello de Pontevedra escollida libremente polo propio Concello e dunha persoa representante da Deputación Provincial de Pontevedra escollida libremente pola Deputación Provincial de Pontevedra.*
- *Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.*

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa).

En todo caso, a publicidade da colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra deberá realizarse conforme ao manual de identidade corporativa que se atope vixente e publicado na páxina web da Deputación no momento da aprobación do convenio, de tal forma que sirva como documento de referencia á hora de poñer en práctica todas as accións de publicidade e difusión que resultan obrigatorias conforme o actual marco normativo.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

O incumprimento do deber de darlle publicidade á subvención concedida, tanto no relativo á colocación dos carteis de obra no momento da sinatura da acta de comprobación de implantación como a calquera outra obriga relacionada coa difusión pública, dará lugar á imposición das deducións que se establecen no pacto TERCEIRO e, no seu caso, á perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A falta de previsións concretas, rexerán con carácter supletorio as regras das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027), especificamente as previstas para a Liña 1 de investimentos, por ser o Plan de natureza equivalente a este convenio.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS
As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberan respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- *Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- *Se xorden controversias na aplicación do convenio, propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

A comisión reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao/a seu/súa responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2027, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2028.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31 de decembro de 2028.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciarase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

DÉCIMO SEGUNDA.- EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Serán causas de resolución:

- *O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- *O acordo unánime dos asinantes.*
- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*
- *Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.*
- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores
O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro
O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez
A secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra, María Beatriz del Cerro del Río"

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do mesmo polo órgano competente do Concello de Pontevedra."

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- FACULTAR ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

5.37873.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN, DRENAXE DE PLUVIAIS E SEGURIDADE VIAL NOS BARRIOS DE ATALAIA E A ROCHA". (Expte. 2026065941)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en diante Plan + Provincia 2026-2027, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

- Mediante a resolución presidencial núm.2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a asignación por liña correspondente a cada concello. Con todo, a disposición de crédito farase por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento recollido no Capítulo I (Liña 1- Investimentos).

- Con data 06/04/2026, mediante rexistro WEB2026029127, o Concello de Gondomar formalizou en tempo e forma, a través da sede electrónica desta Deputación, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 159.875,90 €, para o financiamento do investimento "ADECUACIÓN, MELLORA E CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE GONDOMAR" (Expte. 2026029012). O orzamento total da actuación cífrase en 276.694,90 €, cuxo desglose responde á seguinte distribución: 259.875,90 € destinados á execución material da obra e 16.819,00 € en concepto de honorarios de redacción do proxecto. O financiamento do investimento completábase coa axuda económica solicitada a través do AGADER.

- Posteriormente, ao resultar denegada a subvención solicitada ao AGADER, o Concello de Gondomar, mediante decreto núm. 2026-0984, do 08/07/2026, reformulou a súa solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, incrementando o importe da subvención solicitada ata os 172.068,60 € e asumindo con fondos propios o financiamento restante, por importe de 87.807,30 €. O incremento da subvención finánciase coa nova redistribución do crédito dispoñible asignado ao Concello de Gondomar no marco do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), sen prexuízo para os restantes concellos beneficiarios, ao non afectar ao crédito que lles corresponde.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

- Con data 31/08/2026, mediante rexistro núm. 2026068051, o Concello de Gondomar achega o Decreto núm. 2026-1219, do 28/08/2026, polo que acorda desistir da solicitude de subvención destinada ao financiamento da actuación "ADECUACIÓN, MELLORA E CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE GONDOMAR" (Expte. 2026029012). A decisión fundaméntase, por unha banda, na demora na obtención da preceptiva autorización sectorial en materia de Patrimonio, circunstancia que podería comprometer os prazos previstos para a execución da actuación, e, por outra, na necesidade de dispoñer dos recursos económicos inicialmente previstos para financiar a achega municipal correspondente á anualidade 2026, por importe de 96.296,98 €, derivada do convenio de colaboración de carácter plurianual subscrito entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Gondomar para a execución das actuacións integradas no Plan de Actuación Integrado (PAI) Val Miñor 15 minutos.

- O importe resultante da diferenza entre a subvención inicialmente solicitada para o financiamento das actuacións de conservación e mellora no cemiterio municipal e a cantidade necesaria para facer fronte á achega municipal correspondente á anualidade 2026 do PAI Val Miñor 15 Minutos – Gondomar destinarase ao financiamento do investimento denominado "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN, DRENAXE E SEGURIDADE NOS BARRIOS DE ATALAIA E A ROCHA" (Expte. 2026065941).
  Trátase dunha actuación destinada a dar resposta a necesidades prioritarias do Concello de Gondomar, que conta cos correspondentes permisos e autorizacións sectoriais e cuxa documentación técnica e administrativa se atopa incorporada ao expediente. Así mesmo, reúne as condicións necesarias para a súa execución inmediata, polo que se considera adecuada a aplicación do importe dispoñible ao seu financiamento.

- Da revisión da documentación correspondente a esta última actuación despréndese que a solicitude presentada cumpre os requisitos establecidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
A empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026072077) xustificación da súa oferta, polo dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Consta no expediente con CSV: BZPGHGJQ482AF55Q informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, no que se recolle o seguinte: "*...se considera que a empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L.. non xustifica suficientemente a oferta económica con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) presentada, e non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...*"

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001	
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	29,41	5,00	5,00	5,00	44,41
NAROM, S.L.	3,97	5,00	5,00	5,00	18,97

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Resultando.- Que posteriormente a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	44,41	64,41
2	NAROM, S.L.	18,00	18,97	36,97

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda" á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.., (CIF B36533537) por un importe de 709.629,08 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou comproba que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 29.323,51 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 13/07/226 con número de operación 12026000213723.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: "...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas..."

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa TPF Getinsa Euroestudios, S.L. (B84840685), o Lote 1 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)".

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse na providencia de inicio do expediente, á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda" por un importe estimado de 3.623,19 €, IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) 1KPXLK50L4AUH3F9 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025071505, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº12026000013151.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.

2. Adxudicar á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.., (CIF B36533537), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda", de acordo co seguinte detalle:

   Importe ofertado ..... 586.470,31 €
   IVE (21%) .....123.158,77 €
   Importe Total.....709.629,08 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial, dentro do proxecto de gasto 2025070505.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https:/ /sede.depo.gal).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025071505.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.

4. Adxudicar á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685) o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda", por un importe de 3.623,19 € e de acordo co seguinte detalle:

   Importe ofertado .....2.994,37 €
   IVE (21%) ..... 628,82 €
   Importe Total.....3.623,19 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.
Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 25/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https:/ /sede.depo.gal).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025078362.

10.37878.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "XUVENTUDE A MÁIS" OBRADOIROS DE LECER EDUCATIVO E EDUCACIÓN NON FORMAL DIRIXIDOS Á MOCIDADE DOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte.2026047930)

Vista a proposta de adxudicación acordada pola Mesa de Contratación, na súa sesión do día 01/10/2026, respecto ao procedemento aberto seguido para a contratación do "*Servizo para o desenvolvemento do programa "Xuventude a máis" obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra*".

No mesmo acto, a Mesa acorda declarar deserto o lote n ° 3 e propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, (en diante, LCSP) proceda á adxudicación do contrato a favor das empresas Norformación S.L. o lote nº 1, e Anxest producions S.L. o lote n 2, polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que por Acordo da Xunta de Goberno nº 14.37514 , de data 7 de agosto de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do "Servizo *para o desenvolvemento do programa "Xuventude a máis" obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 25 de agosto de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 10-09-2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa sendo admitidas as seguintes empresas: ANXEST PRODUCIONS S.L. (B75674341) achega oferta ao lote nº 2, ESTUDIOS RAFER S.L. (B27239136) ao lote nº 1 e NORFORMACIÓN S.L. (B36343218) ao lote nº 1. Ningunha empresa achega oferta ao lote nº 3.

Resultando.- Que na mesma sesión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobres "B", correspondentes coa documentación técnica, remitíndose dita documentación ao técnicos do servizo de Xuventude e reto demográfico.

Resultando.- Que con data 17-09-2026, a Xefa servizo de Xuventude e reto demográfico emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores co CSV: TVY7G82CS7MLJNGP.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 24-09-2026, e á vista do mencionado informe, acordou prestar conformidade ás puntuacións recollidas no mesmo e, na mesma sesión, proceder coa apertura dos sobres C, correspondentes coas ofertas avaliables mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas, facultando ó secretario da mesa para que, de resultar algunha oferta incursa en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o correspondente requirimento. Os valores ofertados constan no certificado da Mesa de Contratación co CSV: H7Q99VO3YXGU4R0T.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Resultando.- Que a Mesa de contratación en data 1-10-2026, feitas as valoración dos valores automáticos de acordo cos criterios establecidos nos pregos, acorda declarar deserto o lote nº 3, xa que ningunha empresa achega oferta no prazo de licitación, aprobar a clasificación das ofertas admitidas nos lotes nº 1 e 2, e propor ao órgano de contratación unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, as seguintes empresas: NORFORMACIÓN S.L. B36343218 o lote nº 1, e ANXEST PRODUCIONS S.L. B75674341, o lote nº 2.

Resultando.- Que o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa Axest Producións S.L. atópase inscrita no ROLECE e a empresa Norformación S.L. no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, acreditando ditos certificados a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude dos empresarios en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

como de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade social, de alta no IAE, e a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2026007980, de data 5-10-2026, o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require ás empresas para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que as empresas presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2026076663 de data 10-10-2026 e REX_WEB2026077863 de data 19-10-2026) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.875,50€ (carta de pago núm. operación 12026000202944 da empresa Norformación), e por importe de 2.043,48€ (carta de pago núm de operación 12026000213228 da empresa Anxest).

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Declarar deserto o lote nº 3, xa que ningunha empresa achega oferta dentro do prazo de licitación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

2. Adxudicar o contrato *mediante procedemento aberto do Servizo para o desenvolvemento do programa "Xuventude a máis" obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, ás seguintes empresas:*

Lote Nº 1 (40 obradoiros)	Prezo por obradoiro sen IVE	21% de IVE	Prezo co IVE	Prezo 40 obradoiros co IVE
Norformación S.L.(B36343218)	937,75€	196,93€	1.134,68€	45.387,20€

Lote Nº 2 (48 obradoiros)	Prezo por obradoiro sen IVE	21% de IVE	Prezo co IVE	Prezo 48 obradoiros co IVE
Anxest Producions S.L.(B75674341)	851,45€	178,80€	1.030,25€	49.452,22€

Prazo de duración:
O prazo de duración: 1 año a contar desde a formalización do contrato.

O prazo de execución: Sete meses contados a partir da data de formalización do mesmo.

Os obradoiros desenvolveranse entre os meses de setembro de 2026 a marzo de 2027.

Establécense os seguintes prazos de execución parciais:
Nos dous primeiros meses:
-Visita e emisión do informe do 100% das instalacións postas a disposición polos concellos para a impartición de cada un dos obradoiros.
-Calendarización de tódalas accións formativas.
-Achega do 100% dos CV do persoal docente e demais documentación exixida no PPT respecto ao mesmo.
-10% das accións formativas iniciadas.

Do terceiro ao sexto mes: 80% das accións formativas iniciadas.

Do sexto ao sétimo mes: 100% das horas de formación impartidas.

Establécese a posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Financiación: O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 2026/233.2310.227.07 e de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026 Lote nº 1 (40 obradoiros)	26/233.2310.227.07	45.387,10€
2026 Lote nº 2 (48 obradoiros)	26/233.2310.227.07	49.452,22€
	Total	94.839,32€

Forma de pagamento: Parcial
Fitos de facturación:

As empresas adxudicatarias deberán presentar con carácter mensual, a factura correspondente aos obradoiros rematados nese período.
Con anterioridade á presentación das facturas, a entidade adxudicataria deberá remitir todos os informes e documentos exixidos e o borrador da factura ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que deberá dar o seu visto bo á documentación presentada. Unha vez recibida a conformidade, as facturas presentaranse a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe.
Unha vez rematado o programa deberá achegarse unha memoria final e os xustificantes de pagamento ao persoal docente.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https://sede.depo.es).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Nº de exp.:	2026007434	
Órgano xestor:	LA0029878	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefa do servizo de Xuventude e reto demográfico

3. As empresas adxudicatarias deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.
   Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

11.37879.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO RESTRINXIDO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CREATIVIDADE E LANZAMENTO DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (Expte.2025073287)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento restrinxido, do "*servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas".*

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no Diario Oficial da Unión Europea con data 30 de xuño de 2026, resultando publicado o día 01 de xullo de 2026 (Anuncio 2026/S 124-2026), así como no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01 de xullo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento restrinxido.

Resultando.- Que rematado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 06 de agosto de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes ás solicitudes de participación, e acordou admitir ás empresas Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. (NIF: B27786045) e Open Minds-Open Ideas, S.L. (NIF: B57614141), por cumprir as súas solicitudes de participación os requisitos establecidos nos pregos; e facultar ao Secretario da Mesa de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Contratación para que requira ás empresas Exit Lapera, S.L. (NIF: B10545796), Miraveo Assets, S.L. (NIF: B70567185) e Torres y Carrera Consultores de Comunicación, S.L. (NIF: B36930097) para que, no prazo de 3 días naturais, aporten a documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional e económica financeira establecida ao efecto.

Resultando.- Que realizados os oportunos requirimentos, a Mesa de Contratación, na reunión do día 20 de agosto de 2026, procedeu a cualificar a documentación acreditativa da personalidade e solvencia das empresas que presentaron solicitude de participación no procedemento e, á vista das mesmas e de conformidade co establecido nas cláusulas do prego económico-administrativo, acordou admitir ás empresas requiridas por considerar acreditado o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia establecidos nos pregos; e propoñer ao órgano de contratación que convide ás empresas Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. (NIF: B27786045), Open Minds-Open Ideas, S.L. (NIF: B57614141), Exit Lapera, S.L. (NIF: B10545796), Miraveo Assets, S.L. (NIF: B70567185) e Torres y Carrera Consultores de Comunicación, S.L. (NIF: B36930097) a presentar a proposición nos termos sinalados nos pregos.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na sesión do día 28 de agosto de 2026, acordou invitar ás devanditas empresas a presentar proposición para optar á adxudicación do devandito contrato. A invitación ás empresas admitidas a presentar proposición para optar á adxudicación do contrato correspondente ao citado servizo foi realizada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, en data 01 de setembro de 2026.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na reunión do día 01 de outubro de 2026, procedeu á apertura dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, aportada polas empresas que continúan no procedemento, remitindo dita documentación ao servizo de Turismo Rías Baixas, para que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento restrinxido.

Resultando.- Que a responsable do servizo de Turismo Rías Baixas, con data 06 de outubro de 2026, emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor con CSV: ARG6P73PQM0CPC2M.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 08 de outubro de 2026, prestou conformidade ás puntuacións acadadas, e procedeu á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas. Os valores ofertados constan no certificado da Mesa de Contratación con CSV: 0IKHISJL9L9JNVZ3.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Resultando.- Que en base ao exposto, a Mesa de Contratación na sesión do día 15 de outubro de 2026, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das empresas Open Minds-Open Ideas, S.L. (NIF: B57614141) e Torres y Carrera Consultores de Comunicación, S.L. (NIF: B36930097), por non acadar o limiar mínimo do 50% da puntuación máxima asignable aos criterios avaliables mediante xuízos de valor, en base ao informe emitido polo servizo xestor; aprobar a clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. (NIF: B27786045), polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 15 de outubro de 2026, comprobou que a empresa Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. (NIF: B27786045) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, co número de inscrición 4429. Ditos certificados acreditan, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia de prohibicións de contratar.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número RP2026008363, de data 16 de outubro de 2026, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación de excluír ás empresas Open Minds-Open Ideas, S.L. (NIF: B57614141) e Torres y Carrera Consultores de Comunicación, S.L. (NIF: B36930097) por non acadar o limiar mínimo esixido na valoración dos sobres "B" e requiriu á empresa Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. (NIF: B27786045), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. (NIF: B27786045) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (rexistros de entrada WEB2026078623 e WEB2026078696, de data 22 de outubro de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 9.299,12 € (carta de pago núm. operación 12026000215939, do 22 de outubro de 2026).

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 do artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluír do procedemento restrinxido convocado para a contratación do *"servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas"* ás empresas Open Minds-Open Ideas, S.L. (NIF: B57614141) e Torres y Carrera Consultores de Comunicación, S.L. (NIF: B36930097), por no acadar o limiar mínimo esixido na valoración dos sobres "B".

2.- Adxudicar o devandito contrato á empresa Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U. (NIF:B27786045) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE	IVE (21 %)	Importe total ofertado
147.000,00 €	30.870,00 €	177.870,00 €

Os prezos unitarios ofertados, resultantes de aplicarlles a baixa ofertada polo adxudicatario aos prezos unitarios de licitación previstos para esta contratación son os seguintes:

CONCEPTO	UNIDADES	PREZO OFERTADO (sen IVE)
CREATIVIDADE, DESEÑO E COORDINACIÓN DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DE TURISMO RÍAS BAIXAS		
Preprodución, investigación e estudo de localizacións	1	3.078,99 €
Desenvolvemento do concepto creativo	1	3.518,85 €
Manual de identidade gráfica	1	2.639,14 €
Textos e copias	1	1.759,43 €
Traducións	4	307,90 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCIÓN DE PEZAS AUDIOVISUAIS PRINCIPAIS		
Vídeo principal da campaña Rías Baixas	1	28.590,65 €
Trailer do vídeo principal da campaña	1	1.055,66 €
Teaser do vídeo principal da campaña	1	879,71 €
Versión dobrada do vídeo principal para presentación no CIFFT	1	1.055,66 €
Versión curta do vídeo principal (90 segundos) para o seu emprego nas RRSS e tótems multimedia do servizo	1	1.319,56 €
Versión adaptada do vídeo principal ás características do videowall de Turismo Rías Baixas	1	307,90 €
Spots de TV	1	1.759,44 €

CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCIÓN DE PEZAS AUDIOVISUAIS COMPLEMENTARIAS E VERSIÓNS ADAPTADAS		
Vídeo complementario da campaña Rías Baixas	1	10.996,40 €
Spots publicitarios en formato vertical	4	439,86 €
Cuñas de radio	1	527,82 €

CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCIÓN DE ELEMENTOS FOTOGRÁFICOS, CON E SEN FIGURANTES		
Reportaxes fotográficas de experiencias con figurantes	6	2.639,16 €
Reportaxes fotográficas de experiencias sen figurantes	6	879,61 €
Imaxes de localizacións contempladas no plan de rodaxe	20	44,01 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

CREATIVIDADE, DESEÑO GRÁFICO E PRODUCIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS E ADAPTACIÓNS		
Adaptacións en campaña de lanzamento	20	79,18 €
Adaptación para prensa física e dixital	20	79,18 €
Adaptacións para a campaña de medios	30	79,18 €
Adaptacións para stands nas feiras turísticas	5	79,20 €
Adaptacións para soportes	10	79,18 €
Creatividades especiais contempladas na campaña de medios	4	879,76 €
Agasallo institucional	400	24,63 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

CREATIVIDADE, DESEÑO, PRODUCIÓN E EXECUCIÓN DOS EVENTOS DE PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA		
Creatividade e deseño do acto de presentación	2	1.759,45 €
Produción e xestión dos traballos de presentación (guión, escaleta persoa que presenta e outras persoas a intervir)	2	6.597,87 €
Produción de elementos promocionais	2	879,73 €
Reprodución do acto de presentación en streaming TV	2	6.597,87 €
Reprodución, coordinación e dirección de produción do acto	2	2.639,16 €
Vídeo promocional do proxecto SICTED	1	5.278,06 €
Fondos audiovisuais para a pantalla de proxección durante a Gala de Turismo	1	2.199,27 €

- Experiencia da persoa directiva da campaña audiovisual: 12 traballos de creatividades/vídeos de campañas de destinos turísticos e 6 traballos de actos de presentación de campañas turísticas.
- Experiencia da persoa responsable de produción audiovisual: 12 traballos de produción de vídeos promocionais turísticos para campañas de destinos turísticos e 6 traballos de actos de presentación de campañas turísticas.
- Experiencia da persoa directora de comunicación: 12 traballos de campañas ou eventos de promoción turística.
- Experiencia da persoa deseñadora gráfica: 24 traballos de campañas ou eventos de promoción turística.
- Premios outorgados á persoa Directora da Campaña Audiovisual: 2 premios nacionais e 4 premios internacionais.
- Número de unidades de merchandising para o acto de FITUR: Entre 451 e 475 unidades.
- Número de unidades de adaptacións gráficas de elementos: Entre 61 e 65 unidades.
- Número de unidades de adaptacións de elementos de promoción e comunicación dixitais: Entre 41 e 45 unidades.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

O prazo de duración será de un (1) ano, a contar desde a data de formalización do contrato, considerando os prazos límite establecidos nos pregos no marco do programa de traballo.
Asemade, contémplanse 3 prórrogas de un (1) ano de duración cada unha. O prazo de execución das prórrogas será fixado polo servizo de Turismo Rías Baixas, seguindo os prazos considerados no contrato inicial.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/433.4320.227.75	177.870,00 €

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da correspondente factura, polos traballos e servizos efectivamente prestados, en virtude do cumprimento dos fitos abaixo relacionados, previa conformidade por parte do servizo xestor. Nas facturas deben de figurar expresamente os seguintes extremos: concepto, unidades a facturar, importe unitario e total por concepto, con e sen IVE.

Con cada factura a empresa deberá presentar un informe xustificativo dos traballos realizados e, e deberá presentar coa última factura, o informe final dos traballos efectivamente realizados, e, no seu caso, os entregables indicados no PPT.

FITO	ORZAMENTO (sen IVE)
Creatividade, deseño e coordinación da campaña de promoción de Turismo Rías Baixas	12.228,01 €
Creatividade, deseño e produción de pezas audiovisuais principais	34.968,58 €
Creatividade, deseño e produción de pezas audiovisuais complementarias, versións adaptadas	13.283,66 €
Creatividade, deseño e produción de elementos fotográficos, con e sen figurantes	21.992,82 €
Creatividade, deseño gráfico e produción de elementos promocionais e adaptacións	20.101,44 €
Creatividade, deseño, produción e execución dos eventos de presentación da campaña	44.425,49 €

Nota: O orzamento indicado é máximo, así como o importe de adxudicación resultante, de maneira que a cantidade final destinada a sufragar as prestacións obxecto deste contrato estará condicionada ás distintas prestacións realizadas derivadas das necesidades reais da Deputación de Pontevedra, sen que quede obrigada a esgotar o citado orzamento e/o importe de adxudicación resultante.

*O importe a aboar por cada fito de execución calcularase mediante a aplicación da porcentaxe de baixa ofertada pola empresa adxudicataria sobre as contías previstas para o cumprimento de cada fito, IVE excluído, incorporándose posteriormente o IVE que resulte de aplicación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https://sede.depo.es).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025073287	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.
Responsable do contrato: Responsable do servizo de Turismo Rías Baixas ou persoa en quen delegue.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá á súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

12.37880.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DOS CONTRATOS FORMALIZADOS COAS EMPRESAS, ESERGUI DISTESER, S.L. (LOTE 1) E CARBUIBERIA ENERGÍAS, S.L. (LOTE 2) PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B E C PARA A MAQUINARIA E OS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2025013630)

Resultando que na sesión ordinaria do día 10 de outubro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato para a subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra, ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

- Lote 1 (Gasóleo clase B): Esergui Disteser S.L. (NIF: B-95799664)
  - Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo: 12,50 %
- Lote 2 (Gasóleo clase C): Carbuiberia Energias SLU (CIF: B36851616)
  - Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo: 6,11 %

Resultando que os contratos formalizáronse en documentos administrativos de data 05 de novembro de 2025 para o lote 2 e de data 06 de novembro de 2025 para o lote 1, dun ano, desde o 1 de outubro de 2025 ou desde a data sinalada no documento de formalización do contrato, se fose posterior, sendo esta o 10 de novembro de 2025, e establecéndose a posibilidade de tres prórrogas dun máximo dunha anualidade de duración.

Resultando que, con data 03 e 02 de outubro de 2026, os/as responsables do contrato do lote 1 e 2, respectivamente, emiten informes (CSV: 7R7D8NBCQ9L9FJ4C e 7WCGDAFKEAZ5P49B) nos que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 10 de novembro do 2026 ao 09 de novembro de 2027.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga para ambos os lotes do contrato en data 17 de agosto de 2026 (data de comparecencia: 18/08/2026), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que, con data 15 de outubro do 2026, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 19 de outubro do 2026 (CSV: OHHQCQ00EJSIPVM7), que conclúe o seguinte:

"En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos/das responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga dos lotes 1 e 2 do contrato que rexe

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

a "Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra" por un ano, desde o 10 de novembro do 2026 ao 09 de novembro de 2027.
O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 10 de novembro do 2026."

Considerando que tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:
1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra subscrito para o lote 1 coa empresa Esergui Disteser S.L. (NIF: B95799664) e para o lote 2 coa empresa Carbuiberia Energias SLU (CIF: B36851616), durante o período que vai dende o 10 de novembro do 2026 ao 09 de novembro de 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

LOTE 1	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios LOTE 1 (con IVE)	Importe total incremento número unidades LOTE 1 (con IVE)
2026 (2 meses)	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	278,30 €	27,83 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	278,30 €	27,83 €
	FINCA MOURISCADE	410.4120.221.03	2.435,13 €	243,51 €
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03	81,17 €	8,12 €
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03	463,83 €	46,38 €
2027 (10 meses)	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	1.391,50 €	139,15 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	1.391,50 €	139,15 €
	FINCA MOURISCADE	410.4120.221.03	12.175,63 €	1.217,56 €
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03	405,85 €	40,59 €
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03	2.319,17 €	231,92 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

LOTE 2	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios Lote 2 (con IVE)	Importe total incremento número unidades Lote 2 (con IVE)
2026 (2 meses)	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	1.527,63 €	152,76 €
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03	3.666,30 €	366,63 €
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		2.444,20 €	244,42 €
2027 (10 meses)	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	7.638,13 €	763,81 €
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03	18.331,50 €	1.833,15 €
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		12.221,00 €	1.222,10 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

13.37881.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36147429), PARA RESPONDER DAS MODIFICACIÓNS Nº1 (SERVIZOS CENTRAIS) E Nº4 (ORAL) DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO "SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA" (Expte.2018058000) (Devogarán 2026003591)

Por acordo número 5.7413, adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 28 de febreiro do ano 2020, adxudicáronse os lotes do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de limpeza nos centros e sedes da Deputación de Pontevedra". (Expte. 2022074878).

Dentro deste procedemento, a través do acordo 16.29957 adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 19 de febreiro de 2021, adoptouse, entre outros asuntos a aprobación da "Modificación do contrato correspondente ó lote número 1 (Servizos centrais) do servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra".

Igualmente, a través do acordo 6.7507 adoptado polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2020 adoptouse, entre outros asuntos a "Aprobación da modificación do lote número 4 (ORAL) do contrato para a prestación do servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra".

Para garantir a correcta execución destas modificacións do contrato de "Servizo de limpeza nos centros e sedes da Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2022074878), a entidade mercantil

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36631935), constituíu na Tesourería desta Deputación unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
LIMPIEZAS CÍES, S.L. (B-36631935)	1	119,75€	202100034349	01/03/2021
	4	2.123,58€	202000202150	12/11/2020

Resultando que no expediente tramitado ao efecto figuran informes emitidos polo Servizo de Contratación e Patrimonio (CSV.- 3FD1OWZD5EVXR2JY e W9TFIQ085H0O06GY), nos cales se sinala que "*(…) Finalizado o contrato referido coas súas ampliacións obsérvase que desde os centros e servizos da Deputación de Pontevedra non se comunicaron vicios ou defectos na súa realización, nin na calidade dos obxectos aos que fai referencia o contrato dos que puidera derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, polo que, transcorridos os prazos de garantías e en virtude do artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións dos intereses legais correspondentes por parte do adxudicatario".* (…)".

Resultando que no expediente figuran informes emitidos pola Intervención (CSV.- JMI1K0BBSDIT0EV3 e JXAGK7MGG4E9BXT6), nos cales se indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil LIMPIEZAS CÍES, S.L. *(B-36631935)*, dunhas garantías por eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente se informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A Xunta de Goberno, con base nos informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos contratos relativos a "Modificación do contrato correspondente ao lote número 1 (Servizos centrais) do servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra" e "Modificación do lote número 4 (ORAL) do contrato para a prestación do servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra", sen que existan obrigas pendentes.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

SEGUNDO.- Proceder á devolución das seguintes garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil LIMPIEZAS CÍES, S.L. (NIF: B-36631935):

- A constituída en metálico, por importe de cento dezanove euros con setenta e cinco céntimos (119,75€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 01/03/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000032755 *(Carta de pago número 202100034349).*

- A constituída mediante aval emitido pola entidade financeira ABANCA (NIF: A-70302039) *"Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 662929"*, por importe de dous mil cento vinte e tres euros con cincuenta e oito céntimos (2.123,58€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 12/11/2020, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030391 *(Carta de pago número 202000202150).*

14.37882.- APROBACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DO ABOO DE SUBVENCIÓNS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA. (Expte. 2023003987)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 29 de decembro de 2023 adxudicoulle ao Concello de Cerdedo-Cotobade unha subvención por un importe máximo de 12.523,50 € (o que supón o 90% respecto dunha estimación de gasto de 13.915,00 €). Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo á aplicación 25/456.9420.762.10.2022.

Terceiro.- De conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria, as entidades beneficiarias debían acreditar a adxudicación do contrato menor ou, de ser o caso, o inicio da tramitación do procedemento de contratación correspondente á actuación subvencionada.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Cuarto.- Ao non constar dita documentación no expediente, mediante requirimento da Deputación de data 28 de outubro de 2024 solicitouse ao Concello de Cerdedo-Cotobade a achega da resolución de adxudicación do contrato ou da documentación acreditativa do inicio do procedemento de contratación.

Quinto.- En resposta ao requirimento, o Concello de Cerdedo-Cotobade presentou escrito con rexistro de entrada WEB2024071884, de data 20 de novembro de 2024, ao que se achegou documentación para a súa valoración.

Sexto.- Examinada a documentación remitida, consta un informe da Intervención municipal no que se fai referencia á tramitación dun expediente de suplemento de crédito para consignar a achega municipal destinada a diversos proxectos subvencionados, entre eles o correspondente ao expediente 2023003987. Non obstante, da documentación examinada non resulta acreditada a resolución de adxudicación do contrato nin o inicio do procedemento de contratación nos termos requiridos.

Sétimo.- En datas 13 e 16 de xaneiro de 2025, o Concello de Cerdedo-Cotobade presentou a documentación xustificativa da subvención, de acordo co previsto nas bases reguladoras da convocatoria. Tras a súa revisión, constatouse que a documentación resultaba incompleta para a correcta xustificación da axuda, polo que foi necesario continuar coa súa tramitación e emenda.

Oitavo.-En data 3 de marzo de 2025 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten co CSV: D7L4U6064R8IT6MG informe de validación técnica desfavorable respecto das bases.

Noveno.-En data 11 de agosto de 2025, o Concello de Cerdedo-Cotobade remite co rexistro WEB2025057953 novos documentos do proxecto técnico.

Décimo- En data 25 de setembro de 2025 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten co CSV: 1M0IUYG730887WDV informe de validación técnica desfavorable respecto das bases.

Décimo primeiro.-En data 7 de outubro de 2025 o Concello de Cerdedo-Cotobade con rexistro WEB2025069681 remite nova versión do proxecto técnico.

Décimo segundo.-En data 28 de outubro de 2025 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra co CSV : 7KR5UHSK6PX2JZ2D emiten informe de validación técnica favorable respecto das bases.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Décimo terceiro.-En data 24 de setembro de 2026, requiríuselle ao Concello de Cerdedo-Cotobade certificado aprobación do proxecto antes do 14 de marzo de 2026, e certificado do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.

Décimo cuarto.-En data 25 de setembro de 2026 o Concello remite co rexistro WEB2026073023 a subsanación ao requirimento.

Unha vez revisados os gastos xustificados, compróbase que estes ascenden a un total de 13.854,50€ (IVE incluído).

De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 12.523,50 €.

O Concello de Cerdedo-Cotobade xustificou finalmente un gasto total de 13.854,50 € e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 12.469,05 €.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- Visto que a documentación xustificativa da subvención foi presentada e completada con posterioridade aos prazos inicialmente previstos nas bases reguladoras da convocatoria.
- Visto que a aprobación da xustificación e o aboamento da subvención non puideron realizarse no exercicio correspondente debido á dilación producida na tramitación e comprobación da documentación presentada, de conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Vistos os antecedentes expostos e a dilixencia de intervención.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito é a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acorda por unanimidade:
Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do gasto correspondente á subvención concedida ao Concello de Cerdedo-Cotobade para a redacción do proxecto "Recuperación de espazo para uso peonil no entorno da Igrexa de San Miguel de Carballedo", por importe de 12.469,05€, con cargo á aplicación 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Concello de Cerdedo Cotobade, Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para os efectos oportunos.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

15.37883.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS E DANOS MATERIAIS A CONSECUENCIA DO IMPACTO CONTRA UN SINAL DE TRÁFICO NO CONCELLO DE RIBADUMIA (Expte. 2026013713)

Dada conta que con data 03/03/2026 (núm. rex. 2026004089), recibiuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, formulada por D. Albino Estraviz Vicente, por lesións e danos materiais, producidos o día 23/05/2025, a consecuencia dun golpe na cabeza ó impactar -cando transitaba pola beirarrúa da Avenida Bouza Martín nº 22 do Concello de Ribadumia- contra un sinal de tráfico colocado, segundo manifesta, a unha altura inferior á establecida pola normativa, non sendo cuantificado economicamente o importe reclamado.


Resultando.- Que con data 18/03/2026, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 16/07/2026, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O punto situado na Avda. Bouza Martín nº 22 - Barrantes, no Concello de Ribadumia, está dentro da traza da EP *9305 COIRÓN RIBADUMIA LEIRO que pertence á rede provincial de estradas.*



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04



SEGUNDO.- O sinal obxecto da reclamación está situado no punto quilométrico PK 5+400 (marxe esquerda) da EP 9305 COIRÓN RIBADUMIA LEIRO. Trátase dun sinal vertical TIPO R-308 (ESTACIONAMENTO PROHIBIDO) cun panel informativo de días e horario.



Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Os concellos teñen a competencia exclusiva para regular, ordenar e sancionar o estacionamento de vehículos nas vías urbanas da súa titularidade. Isto exércense mediante Ordenanzas Municipais de Circulación, o que lles permite establecer zonas de estacionamento limitado (como a ORA ou zona azul), áreas de residentes e medidas de seguridade.

Esta potestade municipal inclúe a limitación horaria e tarifas: Establecer tempos máximos de aparcamento e prezos públicos polo uso do espazo.

TERCEIRO.- Consultado o servizo de conservación da zona indican que ese tipo de sinais non se colocan por ser de competencia municipal, nos expedientes de autorización non aparece a solicitude por parte do Concello de Ribadumia.

Nas rúas do entorno de carácter municipal existen sinais da mesmas características que a de obxecto da reclamación (como por exemplo o existente na rúa Loureiro Nº-10).





Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

CUARTO.- Non existen escritos rexistrados, avisos nin partes de incidencias para esta estrada provincial desde o ano 2023 (nin polo motivo sinalado como causa do accidente nin por outros motivos).

OUTRAS CONSIDERACIÓNS.- O sinal está colocado na zona urbana de Barrantes (SOLO URBANO) dentro do Concello de Ribadumia.



A conservación e mantemento de beirarrúas así como das redes de servizos en solo catalogado como urbano (caso que nos ocupa), vén determinada polas competencias que o Municipio ten en planificación, xestión, execución e disciplina urbanística.

Segundo o recollido na ORDENANZA DE SEGURIDADE VIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA:

"A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación".

Os concellos teñen a obriga inescusable de manter tales vías públicas abertas á circulación peonil e viaria en condicións para que a seguridade de quen as utiliza estea normalmente garantida.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas, así como a regulación do estacionamento e o sostemento e reparación dos elementos de urbanización neste tramo correspóndelle por tanto aos servizos municipais.

María Belén Pampín Camino
*Enxeñeiro*_ _

Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 18/08/2026, e con fundamento no artigo 4.1, apartado c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de Ribadumia un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e facer as alegacións que tivera por convenientes, constando o acceso ó contido da notificación electrónica nesa mesma data (Documento ***5845** - Nome David José Castro Mougán), sen recibirse resposta ningunha ao respecto.

Resultando.- Que ante a ausencia de resposta, con data 23/09/2026, reiterouse o citado emprazamento ó Concello de Ribadumia, sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido contestación ningunha, constando no expediente o acceso ó contido da notificación electrónica na mesma data, o 23/09/2026 (Documento ***5845** - Nome David José Castro Mougán).

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV do Título Preliminar, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

- O elemento causante dos danos é un sinal vertical de prohibición de estacionamento cun panel informativo de días e horario.
- Os concellos teñen a competencia exclusiva para regular, ordenar e sancionar o estacionamento de vehículos nas vías urbanas da súa titularidade.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

- Esta potestade municipal exércese mediante ordenanzas municipais, o que permite ós concellos establecer zonas de estacionamento limitado, áreas de residentes e medidas de seguridade.

- Consultado o servizo de conservación da zona, indican que ese tipo de sinais non se colocan por ser de competencia municipal.

- Nos expedientes de autorización non aparece a solicitude por parte do Concello de Ribadumia.

- Non existen escritos rexistrados, avisos nin partes de incidencias para esta estrada provincial desde o ano 2023 nin polo motivo sinalado nin por ningún outro.

- A conservación e mantemento de beirarrúas, así como das redes de servizos en solo catalogado como urbano (caso que nos ocupa), vén determinada polas competencias que o municipio ten en planificación, xestión, execución e disciplina urbanística.

- Segundo o recollido na Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra, "*a responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación".*

- Os concellos teñen a obriga inescusable de manter tales vías públicas abertas á circulación peonil e viaria en condicións para que a seguridade de quen as utiliza estea normalmente garantida.

- A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas, así como a regulación do estacionamento e o sostemento e reparación dos elementos de urbanización neste tramo correspóndelle aos servizos municipais.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados, toda vez que o obxecto da reclamación é a incorrecta colocación na beirarrúa dun elemento de competencia municipal, non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que, polos motivos expostos, no presente caso, a responsabilidade recae sobre o Concello de Ribadumia, motivo polo cal a solicitude de indemnización debe ser rexeitada.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

16.37884.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS NO VALO EXTERIOR DUNHA PROPIEDADE NO CONCELLO DE GONDOMAR. (Expte.2025004983)

Dada conta que con data de rexistro 31/01/2025 (rex. núm. WEB2025006140), recibiuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por SGM Corporación de Servicios 2015, S.L. en representación de Ges Seguros y Reaseguros, S.A., por danos producidos o día 08/02/2024, no valo exterior dunha vivenda -asegurada na citada compañía- sita en Vilarés nº 13, no Concello de Gondomar, a consecuencia da caída da rama dunha árbore situada na marxe da estrada provincial E.P. 2303, no linde coa propiedade, e que foi cuantificada economicamente 2.464,69 €.

Resultando.– Que na instancia relátanse os feitos do seguinte modo: "*O xoves día 8 de febreiro de 2024, no transcurso dun temporal de vento, produciuse a rotura dunha rama de árbore que non forma parte do risco obxecto do seguro. Esta rama abateuse sobre o valo exterior, ocasionando desperfectos en postes, enreixado metálico e porta corredeira do inmoble asegurado".*

Resultando.- Que, xunto coa instancia, aporta informe pericial no que se recolle, como causa do feito, o seguinte:

Mediante consulta ás estacións meteorolóxicas situadas nun radio de 10 km respecto ao risco asegurado (Meteogalicia. Vigo Campus–Vigo–Pontevedra, situada a 9,1 km de distancia), na data de ocorrencia rexistrouse unha racha máxima de 102,0 km/h.

Resultando.- Que, con data 14/02/2025, requiriuse ao reclamante para que aportara a póliza de seguros subscrita -ao obxecto de acreditar o vínculo contractual subxacente e a subrogación nas accións do asegurado-, así como a factura de reparación dos danos (aboada por Ges Seguros) ou ben, o xustificante da transferencia realizada por Ges Seguros ao seu asegurado (ao obxecto de acreditar o importe reclamado), xa que, xunto coa documentación aportada, unicamente consta unha factura de Seycer Reformas por *visita para elaboración de orzamento* por importe de 87,34 €.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Resultando.- Que, con data 17/02/2025, Ges Seguros aporta, unicamente, a póliza de seguros subscrita co propietario da vivenda afectada.

Resultando.- Que, con data 31/03/2025, requíreselle novamente para que aporte a factura de reparación dos danos aboada por Ges Seguros ou ben o xustificante da transferencia realizada ao seu asegurado, coa finalidade de acreditar o prexuízo económico ocasionado ó seu representado, Ges Seguros.

Resultando.- Que, con data 03/04/2025, presenta instancia xunto coa que aporta xustificante de transferencia bancaria realizada por Ges Seguros ao propietario asegurado por importe de 2.377,35 € e solicita que se atenda a reclamación e se indemnice na cantidade de 2.464,69 €.

Resultando.- Que con data 26/05/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 08/10/2025, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na E.P. 2303, na marxe dereita do p.q. 1+850. Dito punto quilométrico pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra.



SEGUNDO.- Segundo explica a reclamación, o día 8 de febreiro de 2024, durante un temporal de vento producíronse danos no cerramento da propiedade así como no tellado da edificación. Nesta reclamación unicamente faise referencia ós danos no cerramento.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Tense constancia neste Servizo que na data sinalada caeu unha árbore situada diante da vivenda, sobre a mesma, a causa dos fortes ventos na zona, provocando distintos danos na parcela en cuestión.
A árbore (unha tuia) caeu sobre o tellado da casa, e foi o noso servizo de conservación que estaba a reparar os danos causados polo temporal na zona, quen colaborou coa propiedade para retirar a árbore do tellado da vivenda antes de que se produciran danos maiores.
As tuias foron plantadas polo propietario da parcela a modo de cerramento arbustivo na linde entre a vivenda e a estrada, fai máis de vinte anos. Estes arbustos foron crecendo acadando unhas dimensións considerables como se pode observar na seguinte fotografía.



Posteriormente o propietario pechou a parcela. O propietario aporta aliñamento do Concello de Gondomar (datado o 15/01/1998), por onde se lle marca a liña de peche e a superficie que debe de ceder ó mesmo (Concello de Gondomar). No esquema aportado non figura o arborado. O cerramento o instalaron por detrás das tuias mediante unha malla metálica, deixando estas no linde co dominio público.

TERCEIRO.- Con data 29/09/2019, notifícase ao propietario da parcela un requirimento dende a Deputación Provincial instando á poda ou tala de ditas árbores, por presentar un risco para a seguridade, e indicando que en caso contrario procederíase á execución subsidiaria á súa costa (Requirimento 068/2019 de data 29/09/2019- nº rexistro 2019016915).

Con data 04/10/2019 o propietario contesta a dito requirimento indicando que fixo cesión de parte dos terreos ó Concello de Gondomar e non é o titular da parcela completa (Nº rexistro 2019047275).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

CUARTO.- No presente ano (2025) procedeuse por parte deste servizo de conservación de estradas á tala das árbores mencionadas, para evitar danos á seguridade viaria, pois había risco de caída sobre a estrada.
Non se repercutiu o custo das actuación levadas a cabo ó propietario da parcela.
M.ª Elena Pérez Alonso
*Ingeniero*_ _

Resultando.- Que, con data 13/07/2026, e con fundamento no artigo 4.1, letra c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de Gondomar un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes.

Resultando.- Que, con data 08/09/2026, e ante la ausencia de resposta, reiterouse o emprazamento ó Concello de Gondomar, que na data 30/09/2026, remite escrito ca seguinte alegación:

Na parcela onde se sitúa a vivenda obxecto dea reclamación trazouse un aliñamento de data 15/01/1998, en base á cal realizouse unha cesión ao Concello de Gondomar, parte dela, contra a vía da Deputación Provincial E.P. 2303. Segundo o aliñamento, se situaría a 5 m. del eixo da calzada, resultando ceder un recadro de 3 m. ao longo da fronte da parcela.
Todo elo segundo se reflicte no aliñamento, plano de emprazamento do proxecto da vivenda e copia dun extracto da escritura de cesión.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Segundo o relatado polo reclamante na instancia, a rotura da rama da árbore que ocasionou os desperfectos produciuse no transcurso dun temporal de vento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- Así mesmo, en relación co el vento de esa data, recóllese no informe pericial aportado que se rexistrou una racha máxima de 102 km/h.
- O informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais recolle que o Servicio de conservación de estradas da Deputación, que se atopaba na zona reparando os danos ocasionados polo temporal, foi o que colaborou coa propiedade para retirar a árbore do tellado da vivenda antes de que se produciran danos maiores.
- A árbore (una tuia), foi plantada polo propio titular da parcela a modo de peche na linde entre a vivenda e a estrada.
- Posteriormente, dito titular pechou a parcela, instalando o peche por detrás das tuias e deixando estas na linde co dominio público.

Considerando.- Que o sinistro sería imputable a un suposto de forza maior, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade, en síntese, de imprevisibilidade e inevitabilidade, ao que é allea esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias, xa que a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración, entre outros motivos, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía más aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto, xa que a brigada de conservación de estradas xa se atopaba na zona reparando danos ocasionados polo temporal e colaborou coa propiedade para retirar a árbore do seu tellado, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse "ad exemplum" as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14, 220/20 e 65/2023; sinalándose, por exemplo, nesta última o seguinte:

(…) Ha sido determinante en la desestimación de la cuestión de fondo la prueba en este asunto de que la Administración provincial actuó dentro de un margen temporal (mínimo)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

a la hora de responder y evitar la situación de riesgo generada sobre la vía por la presencia de un árbol caído sobre ella; es la causa protagonista de que, a pesar del resto de circunstancias, no sea posible la condena en cuanto al fondo pretendida por la parte actora.

Considerando.- Que as sentenzas 148/2016, 85/2021, 9/2022 e 274/2025 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1; as sentenzas 113/2012, 220/2017, 193/2021, 76/2022 e 277/2023, ditadas polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 2, e as sentenzas 213/2012, 197/2022 e 65/2023 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e relativas á causación de danos por caída de árbores na estrada, eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Así, a Sentenza 85/2021, do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra establece o seguinte:

(…) Con la prueba practicada el actor no ha conseguido demostrar que la Diputación provincial haya incurrido en un defectuoso funcionamiento de su servicio público de conservación de la carretera en adecuadas condiciones de seguridad.
El siniestro se produjo o bien por la culpa exclusiva de un tercero (propietarios de la finca colindante que no mantuvieron adecuadamente sus árboles), o bien por causa de fuerza mayor (temporal de lluvia y viento). Pero no por culpa de la Diputación provincial.

Así mesmo, a sentenza 277/2023, do Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra, ao sinalar:

De la prueba practicada, esto es, de la documental obrante en autos, se puede concluir que la parte demandante no ha acreditado que la causa de caída del árbol lo fuese a consecuencia de una anormal o deficiente prestación de un servicio público, máxime si tenemos en cuenta que ha quedado debidamente probado que el día del accidente las condiciones meteorológicas eran adversas, con ráfagas de viento fuerte y lluvia intensa, por lo que se estima la concurrencia de un supuesto de fuerza mayor, causado por un factor ajeno y externo a la esfera de la Administración (temporal de lluvia y viento), del que no debe responder, habiéndose acreditado que el árbol cayó, de forma sorpresiva (…)

Do mesmo modo, a Sentenza 197/2022 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o que sigue:

(…) A pesar de todo lo expuesto, no estamos ante un caso en que sea posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública demandada en su condición de titular de la vía.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Entiendo que este es uno de esos casos paradigmáticos en que lamentablemente para el reclamante no es posible reconocer que la administración por el mero hecho de ser la titular de la vía y estar obligada a mantenerla en buen estado de conservación vigilando que sirva a su fin de forma segura, pueda declararse responsable en los términos pretendidos porque no se ha conseguido demostrar que tal administración, y su servicio competente, hubiera descuidado, en su comportamiento a la hora de vigilar el tramo, lo que serían sus obligaciones "razonables", incumpliendo con ello con lo que se viene llamando standares razonables de actuación que cabría exigirle.

Considerando.- Que atopámonos ante un suposto de forza maior, non estando, por tanto, acreditada a esixible relación de causalidade entre o dano producido e o funcionamento anormal dos servizos públicos.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

17.37885.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2026073553 e 2026074276)

a) Vista a relación de operacións con número 2026073553 (CSV: UDX8BZLAXE5QDXFN) que contén 13 operacións por un importe de 54.255,50 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	54.315,50 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	60,00 €
Total líquido	54.255,50 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

b) Vista a relación de operacións con número 2026074276 (CSV: UROQVQ029KD7M287) que contén 1 operación por un importe de 1.210,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:
A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:
Importe orzamentario ..... 1.210,00 €
IVE soportable deducible ..... 0,00 €
Retencións ..... 0,00 €
Total líquido..... 1.210,00 €

18.37886.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA LEGALIZACIÓN DAS TRAÍDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2026). (Expte.2025074583)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:
"ANTECEDENTES:
PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobou as "*Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)*", publicadas no BOPPO número. 1, do 02 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

SEGUNDO.- Na súa sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2026, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial aprobou a modificación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa +NOVAQUA para suplementar o crédito destinado ao seu financiamento ata un total de trescentos setenta mil euros (370.000,00€) debido á elevada participación por parte das comunidades de usuarios e con fundamento na necesidade de garantir o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades do plan e cubrir así ao cen por cen de todas as solicitudes que cumprían os requisitos estipulados nas bases reguladoras do plan.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de setembro de 2026 acordou aprobar a concesión de subvencións ao abeiro do programa +NOVAQUA 2026 segundo o procedemento de concorrencia competitiva a 71 comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra por un importe total de 369.244,03 euros. Na mesma Xunta de Goberno, aprobouse desestimar 28 solicitudes ao non axustarse ás bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

CUARTO.- En datas 23 de setembro de 2026 e 7 de outubro de 2026, tres comunidades de usuarios presentaron cadanseu recurso potestativo de reposición contra a resolución pola que se desestimaron as súas respectivas solicitudes de subvención. Unha vez examinados os motivos alegados nos recursos e revisada a documentación que consta nos correspondentes expedientes, considérase que existen elementos suficientes para estimar ditos recursos, sen prexuízo da súa resolución expresa polo órgano competente.

QUINTO.- Tendo en conta o exposto e á vista da estimación dos recursos potestativos de reposición presentados, considérase necesario modificar as bases reguladoras da convocatoria do programa +NOVAQUA 2026, co fin de incrementar o crédito orzamentario destinado ao financiamento das subvencións e garantir a dispoñibilidade de fondos suficientes para atender as solicitudes afectadas, ata acadar un importe total de trescentos oitenta e tres mil cincocentos cincuenta e catro euros con quince céntimos (383.554,15 €).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- As medidas adoptadas no marco do programa +NOVAQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 preténdese que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e estimular a cohesión territorial, a sustentabilidade ambiental e a habitabilidade humana, desde un enfoque centrado, por primeira vez, nos obxectivos do reto demográfico.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste senso, á Deputación correspóndelle, na medida das súas posibilidades, remover os obstáculos que supoñen as limitacións orzamentarias poden o respecto e cumprimento dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

3º.- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

4º.- O crédito previsto para financiar o programa +NOVAQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

suplementación de crédito para permitir que as especiais demandas ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente en todo o territorio provincial sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes.

5º.- O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.

6º.- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite suplementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

7º.- Tendo en conta a procedencia de estimar os recursos potestativos de reposición presentados, e co obxecto de garantir a dispoñibilidade de crédito suficiente para atender as solicitudes de subvención afectadas, considérase necesario modificar parcialmente as bases reguladoras do programa +NOVAQUA 2026 da provincia de Pontevedra, incrementando o crédito inicialmente previsto ata acadar un importe total de trescentos oitenta e tres mil cincocentos cincuenta e catro euros con quince céntimos (383.554,15 €).

8º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a ampliar o financiamento destinado ó programa +NOVAQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026, sen merma nin prexuízo dos dereitos de terceiros e sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes. Co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e cubrir as necesidades das comunidades de usuarios de augas no marco da política económica e social, poñendo o acento na necesaria vertebración do territorio e a xeración de sinerxías positivas principalmente nos ámbitos rurais e implicando directamente á propia veciñanza na construción do seu propio modelo de vida con parámetros de calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.

9º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.

Ademais, esta modificación non supón a vulneración dos principios da concorrencia competitiva, non se alteran os prazos do programa debido a que non se abre un novo período de presentación de solicitudes e polo tanto non supón prexuízos a terceiros, estimándose que con esta medida se contribuirá a optimizar o logro dos obxectivos e finalidades do plan.

10º.- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto en relación ao réxime xurídico deste plan na *base segunda* do programa +NOVAQUA 2026, en virtude do disposto na *base terceira* será a Xunta de Goberno da Deputación o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN:
Polo exposto, proponse modificar as "*bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)*", para suplementar o crédito destinado ao seu financiamento ata un total *trescentos oitenta e tres mil cincocentos cincuenta e catro euros con quince céntimos de euro* (383.554,15€), imputables contra a vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes.

En consecuencia, proponse modificar a *base quinta* de maneira que onde di:
"A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos setenta mil euros (370.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07 para gastos correntes."

Quedará redactada co seguinte teor literal:
"A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos oitenta e tres mil cincocentos cincuenta e catro euros con quince céntimos de euro (383.554,15€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes".
O resto do texto das bases e convocatoria permanecerá igual.
Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.
O Xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González"

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Intervención Provincial de data 22/10/2026 e da xefatura do Servizo de Cooperación de data 22/10/2026, a Xunta de goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación da base quinta do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o ano 2026 (programa +NOVAQUA 2026) – Expte.2025074583, da maneira que segue:

- "*A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos oitenta e tres mil cincocentos cincuenta e catro euros con quince céntimos de euro (383.554,15€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes*".

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra http://sede.depo.gal.

19.37887.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM.24.36040, DO 06/02/2026, POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE UNHA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE "PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A ORDENACIÓN DA ZONA VERDE EL/ZV-30", INCLUÍDO NO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 (ANUALIDADE 2026), POR INCREMENTO DO IMPORTE SUBVENCIONADO. (Expte. 2026004161)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

ANTECEDENTES:

- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.24.36040, do 06/02/2026, concedeuse ao Concello de Cerdedo Cotobade, no marco da liña-1 do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 124.479,90 € para o financiamento de "*Proxecto de expropiación do plan especial de infraestruturas e dotacións para a ordenación da zona verde EL/ZV*" (Expte.:2026004161), cun orzamento polo mesmo importe.

- En data 30/07/2026, con código NOT2026020994, notificase ao Concello de Cerdedo Cotobade o rexeitamento da solicitude de subvención, por importe de 18.212,79 euros, para o financiamento de "*Posta en valor das construcións do Castro de Arcelas de cara o seu*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

aproveitamento turístico" (Expte.:2026022057), por non emendar as deficiencias do proxecto presentado coa solicitude de subvención e non cumprir cos requisitos que as bases do Plan +Provincia 2026-2027 establecen para os proxectos técnicos.

- En data 25/08/2026, con rexistro WEB2026066674, o concello presenta certificado do decreto de alcaldía nº2026-1232 no que desiste formalmente da solicitude de subvención, por importe de 28.340,29 €, para o financiamento de "*Renaturalización e mellora climática da área de autocaravanas de San Xurxo*" (Expte.:2026025776).

- En data 28/08/2026, con rexistro WEB2026067644, a entidade municipal remite certificado do decreto de alcaldía nº2026-1257 no que desiste formalmente das subvencións concedidas para as actuacións "*Infraestrutura verde para mitigación do efecto illa de calor no parque infantil de Tenorio*" (Expte.:2026021230) e "*Restauración da senda e do acceso á praia fluvial de calvelo para mellora ambiental e paisaxística do ecosistema de Ribeira*" (Expte.2026023783), por importes de 10.771,97 € e 8.414,59 € respectivamente.

- Tras o rexeitamento da solicitude de subvención e as desistencias mencionadas nos parágrafos anteriores, o Concello de Cerdedo Cotobade ten un crédito ao seu favor por importe de 65.739,64 euros para formular novas solicitudes de subvención.

- En data 02/09/2026, con rexistro núm.WEB2026068593 (documentación emendada en datas posteriores), a entidade municipal solicita a modificación do acordo de concesión da subvención como consecuencia do incremento do valor das expropiacións. O novo importe total das expropiacións ascende a 132.048,83 € o que supón un incremento de 7.568,93 € con respecto a valoración inicial.

- Mediante decreto de alcaldía núm.2026-1291, do 02/09/2026, o concello solicita que parte do incremento, en concreto 4.283,11 €, se financie con cargo ao crédito dispoñible tras as desistencias mencionadas ut supra, quedando a petición configurada da seguinte maneira:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutras administracións	Fondos propios do Concello
2026	132.048,83 €	128.763,01 €	0,00 €	3.285,82 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

Base 31ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que dispón que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión e antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución de concesión pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, supón un incremento do custo do proxecto, o órgano competente da Deputación autorizará o proxecto reformulado e modificará a resolución ou o acordo de concesión. Así mesmo, o Concello poderá financiar a variación económica á alza, entre outros, cos créditos dispoñibles tras a desistencia (total ou parcial) de investimentos dentro da liña 1.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 08/10/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 16/10/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/10/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar as novas valoracións das parcelas presentadas polo Concello de Cerdedo Cotobade correspondentes a actuación "*Proxecto de expropiación do plan especial de infraestruturas e dotacións para a ordenación da zona verde EL/ZV-30*" (Expte.:2026004161) e que supoñen un incremento de 7.568,93 euros con respecto ao orzamento do documento técnico que serviu de base para a concesión da subvención (124.479,90 €).

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm.24.36040, do 06/02/2026, polo que se concedía unha subvención de 124.479,90 € para a actuación mencionada no parágrafo anterior incrementando en 4.283,11 € o importe subvencionado, quedando a subvención configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutras administracións	Fondos propios do Concello
2026	132.048,83 €	128.763,01 €	0,00 €	3.285,82 €

- Autorizar e comprometer o gasto correspondente ao incremento do importe subvencionado (4.283,11 €) na vinculación xurídica da aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Cerdedo Cotobade, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

20.37888.- AUTORIZAR A REFORMULACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN "MELLORA DE CAMIÑOS NAS ÁREAS PARROQUIAIS", DO CONCELLO DE LALÍN, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 (ANUALIDADES 2026-2027) (Expte. 2026025793)

ANTECEDENTES:

- En data 31/07/2026, mediante acordo da Xunta de Goberno núm.7.37473, concedeuse ao Concello de Lalín, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 1.761.813,27 €, con destino ao financiamento do investimento "*Mellora de camiños nas áreas parroquiais*" (Expte.2026025793), cun orzamento polo mesmo importe, correspondendo 474.640,25 € á anualidade 2026 e 1.287.173,02 € á anualidade 2027.

- En data 11/09/2026, consta entrada na sede electrónica da Deputación, con núm. WEB2026070471, instancia do Concello de Lalín, na que solicita a reformulación do proxecto técnico para levar a cabo o investimento mencionado no parágrafo anterior.

- A reformulación do proxecto ven motivada pola necesidade de substituír a actuación inicialmente prevista sobre o camiño Erbo-Palmou pola actuación correspondente ao camiño Palmou-Sello polo mal estado da infraestrutura viaria como consecuencia das inclemencias meteorolóxicas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 31ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que sinala que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, antes de que se inicie a licitación do proxecto da actuación subvencionada e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 16/09/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 18/09/2026, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente, e do informe da intervención provincial, de data 20/10/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto reformulado da actuación "*Mellora de camiños nas áreas parroquiais*" (Expte.2026025793) presentado en data 15/09/2026 (CSV:T4U1VQQFTXHXQXRO, 5220FKBSAZAPFEUU, 23NYIG3Y3T4OF7DH), incluída no Plan +Provincia 2026-2027 (anualidades 2026-2027). O proxecto reformulado non altera a tipoloxía inicialmente aprobada e non supón unha variación do orzamento nin da subvención concedida.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

- As novas actuacións incluídas fan necesario obter a autorización da Deputación de Pontevedra (EP-6006 Bermés-Palmou) que foi solicitada e que deberá remitirse, xunto coas autorizacións que figuraban como condicionante da concesión de subvención no acordo da Xunta de Goberno núm.7.37473, do 31/07/2026, coa primeira xustificación da axuda económica.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Lalín, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

21.37889.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN "ACONDICIONAMENTO APARCAMENTO PÚBLICO", DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2025 (Expte. 2025018940)

ANTECEDENTES

- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.22.35139, de data 25/04/2025, concedeuse ao Concello de Mondariz Balneario, no marco do Plan +Provincia 2025, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 170.368,99 euros con destino ao financiamento do investimento *"Acondicionamento aparcamento público"* (Expte.2025018940), cun orzamento polo mesmo importe.

- O orzamento contempla execución de obra por importe de 158.389,99 € e 11.979,00 € de honorarios técnicos (7.320,50 € de redacción de proxecto e 4.658,50 € de dirección de obra).

- En data 01/07/2026, con rexistro núm.WEB2026054477, o concello solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento mencionado ut supra. O proxecto modificado non altera a finalidade nin o obxecto da subvención concedida pero implica un incremento no importe do seu orzamento de licitación pasando de 158.389,99 € a 190.014,00 € (144.378,98 € tras a aplicación do coeficiente de baixa de adxudicación do 24,02%).

- O proxecto modificado fai necesaria a obtención da autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Axencia Galega de Infraestruturas) que xa consta no expediente.

- Revisada a documentación, a solicitude de modificación de proxecto cumpre os requisitos esixidos na base 32ª do Plan + Provincia 2025-liña 1.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

Base 32ª reguladora do Plan +Provincia 2025, relativa os excesos de medición e modificación dos contratos, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 06/11/2026 13:04

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 06/11/2026 11:12

Ademais, a base 32ª contempla que cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o concello empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado, de contar con ela.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 03/08/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 16/10/2026, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente, e do informe da intervención provincial, de data 22/10/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado do investimento "*Acondicionamento aparcamento público*" (Expte.2025018940), incluído no Plan +Provincia 2025, e que foi remitido en data 01/07/2026 (CSV:AHN1PPI257VERJ5J). O novo proxecto supón un incremento do orzamento de licitación pasando de 158.389,99 € a 190.014,00 € (144.378,98 € tras aplicar o coeficiente de baixa de adxudicación). O incremento do orzamento será financiado con cargo á baixa de adxudicación.

- O novo proxecto necesita autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Axencia Galega de Infraestruturas) que foi solicitada polo concello e que deberá remitirse, xunto coa documentación que figuraba como condicionante á concesión da subvención no acordo da Xunta de Goberno núm.22.35139, do 25/04/2025, coa primeira xustificación da axuda económica.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Mondariz Balneario, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

22.37890.- COMUNICACIÓNS: non houbo

23.37891.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo

24.37892.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e catro minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):9NXUOEGLDND0J9PU